- Uso de modelos matemáticos para representar e comprender situacións da vida cotiá.
- Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.
- Variable.
- Comprensión do concepto de variable. Variable dependente e independente.
- Igualdade e desigualdade.
- Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais en situacións da vida cotiá.
- Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais.
- Procura de solucións de ecuacións lineais. Contextualización das devanditas solucións.
- Uso da tecnoloxía para comprobar as solucións dunha ecuación.
- Relacións e funcións.
- Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación lineal. Coordenadas cartesianas.
- Identificación de funcións, lineais ou non lineais e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas.
- Modelización das relacións lineais en distintas situacións da vida real.
- Representación da recta a partir da súa ecuación en problemas contextualizados.
- Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas.
- Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas.
- Pensamento computacional.
- Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.
- Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.
- Uso de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.
- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.
- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.
- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
8	Sistema métrico decimal.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando propiedades e relacións.	PE	90
CA2.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolver problemas sinxelos interpretando e modificando algoritmos.		
CA2.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Usar as relacións entre os coñecementos matemáticos formando un todo coherente.		
CA2.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Realizar conexión entre diferentes procesos matemáticos.		
CA2.5 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñecer a contribución das matemáticas á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	10
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e tomando decisións e xuízos informados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude. - Recoñecemento das magnitudes e das súas diferentes unidades de medida. Uso dos factores de conversión. - Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida. - Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación. - Medición. - Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter lonxitudes e áreas en formas planas. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
9	Xeometría plana.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando propiedades e relacións.	PE	95
CA2.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolver problemas sinxelos interpretando e modificando algoritmos.		
CA2.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Usar as relacións entre os coñecementos matemáticos formando un todo coherente.		
CA2.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Realizar conexión entre diferentes procesos matemáticos.		
CA2.5 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA3.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpretar problemas matemáticos sinxelos organizando e relacionando os datos dados para a súa resolución.		
CA3.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolver problemas sinxelos de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.		
CA3.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.		
CA3.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Realizar conexión entre diferentes procesos matemáticos.		
CA3.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñecer situacións susceptibles de ser resoltas mediante ferramentas matemáticas, aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas.		
CA3.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		
CA3.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos valorando a súa utilidade para compartir información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñecer a contribución das matemáticas á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	5
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude. - Recoñecemento das magnitudes e das súas diferentes unidades de medida. Uso dos factores de conversión. - Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida. - Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación. - Medición. - Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter lonxitudes e áreas en formas planas. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Descrición de figuras planas e dos seus elementos característicos: ángulos, rectas e puntos notables. - Clasificación das figuras xeométricas planas en función das súas propiedades ou características. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. - Localización e sistemas de representación. - Localización e descrición de relacións espaciais: coordenadas cartesianas e outros sistemas de representación. Uso de ferramentas tecnolóxicas. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
10	Estatística.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Investigar conxecturas sinxelas analizando propiedades e relacións.	PE	90
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolver problemas de forma eficaz interpretando algoritmos.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñecer situacións susceptibles de ser resoltas mediante ferramentas matemáticas, aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos valorando a súa utilidade para compartir información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, para explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Empregar con precisión a linguaxe matemática presente na vida cotiá.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñecer a contribución das matemáticas á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	10
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Concepto de poboación, mostra e individuo. Variables cualitativas e cuantitativas. - Recollida, organización e tratamento de datos de variables unidimensionais. Frecuencias. - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas e cuantitativas en contextos da vida real. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas a cada caso para visualizar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. Uso de procedementos manuais e tecnolóxicos (calculadora, folla de cálculo, programas informáticos) - Medidas de centralización: interpretación e cálculo. - Uso da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas para o cálculo analítico das medidas de centralización, así como a súa interpretación en situacións da vida real. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.

Contidos

- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.
- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.
- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Matemáticas en la ESO contribuirá ao desenvolvemento e adquisición das competencias e dos obxectivos xerais de etapa, tendo en conta o que o alumno é capaz de facer, os seus coñecementos previos e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos; é dicir, que poidan ser utilizados en novas situacións. Xa que logo, é moi importante contextualizar as aprendizaxes á resolución de problemas da vida real nos que se poden utilizar números, gráficos, táboas, etc., así como realizar operacións, e expresar a información de forma precisa e clara.

Nesta etapa, a resolución de problemas ocupa un lugar preferente no currículo como eixe do ensino e aprendizaxe das matemáticas. As estratexias de resolución e as destrezas de razoamento son contidos transversais a todos os bloques de contidos. Ademais, permiten traballar e integrar coñecementos de varios bloques ou de distintas materias. Desde todos os bloques haberá que abordar a planificación do proceso, as estratexias e técnicas da resolución de problemas ou a confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas para enfrontarse a situacións novas. Os problemas deberán partir do nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas e irase graduando a súa dificultade ao longo da etapa.

A metodoloxía a seguir aséntase nos seguintes principios:

¿ Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a.

¿ Os alumnos son protagonistas da súa propia aprendizaxe. Cada un deles construírá a súa propia aprendizaxe, ao seu ritmo, partindo das súas capacidades individuais que deben ser reforzadas coa axuda do profesor. Preténdese a implantación dunha aprendizaxe significativa no que o importante é que cada alumno poida construír significados e atribuír sentido ao que aprende.

¿ Será obxectivo primordial, a formación en valores produtora de cidadáns libres, responsables, críticos e abertos á participación e cooperación.

¿ Deberase de potenciar o desenvolvemento de capacidades en detrimento da mera acumulación conceptual.

¿ Cada Unidade Didáctica deberá incluír actividades de iniciación, reforzo e ampliación, coas que atender a diversidade dos nosos alumnos.

¿ Motivación: ao alumno hai que atraerlle mediante contextos próximos, presentarlle situación que entenda e resúltenlle significativas.

¿ Foco na aplicación e utilidade que as matemáticas teñen na vida cotiá dos alumnos, sen prescindir do rigor que require a asignatura.

¿ Relevancia das competencias en matemáticas e da competencia matemática. O valor educativo das Matemáticas concrétese en tres aspectos que deberán de ser atendidos de xeito equilibrado e que son:

- Formativo de capacidades intelectuais e cognitivas.

- Funcional, en canto a actividade matemática posibilita un mellor tratamento dos problemas derivados do ámbito extraescolar.

- Instrumental, por canto proporciónase unha base científica unificadora doutras moitas actividades encasilladas noutras áreas do currículo educativo.

¿ A nosa actuación metodolóxica deberá guiarse polos seguintes principios, nos que se basea a teoría da aprendizaxe

significativa:

- O proceso de ensino-aprendizaxe debe estar relacionado cos intereses, as necesidades e experiencias dos alumnos na súa contorna inmediata, é dicir, axustarase á estrutura psicolóxica do alumnado.
- A información que se lle proporcione aos alumnos deberá de ser, en todo momento, comprensible, lóxica e de utilidade, ben porque se lle faga ver a súa relación con outras materias do currículo ou a súa aplicación á vida cotiá.
- É importante que os alumnos dean significado aos novos coñecementos e relaciónenos cos que xa posúen.
- Débese de coidar o traballo conxunto entre profesor e alumnos de maneira que se produzan interaccións que faciliten a socialización do grupo.

¿ Aprendizaxe activo e colaborativo: a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é un xeito óptima de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ha de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

¿ Peso importante das actividades: a extensa práctica de exercicios e problemas afianza os coñecementos adquiridos e permite ao profesor detectar (e liquidar calquera lagoa de aprendizaxe).

¿ Integración das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

¿ Atención á diversidade de capacidades e intereses: isto implica unha metodoloxía de ensino na que a clave é garantir o avance seguro, o logro paso a paso. Evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas e, en definitiva, frustracións por non alcanzar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo de que é capaz. O que implica atender non só a quen máis axuda necesita senón tamén aos alumnos con maior capacidade e interese por ampliar coñecementos.

¿ Será preciso traballar con técnicas de aprendizaxe cooperativo en pequenos grupos e con materiais que permitan distintos grados de profundización e actividades abertas. Os métodos teñen que ser diversos, tendendo sempre a propostas metodolóxicas que impliquen activamente ao alumnado. En ocasións, a utilización de distintos medios tecnolóxicos pode facilitar a aprendizaxe de forma autónoma e permitirá traballar a niveis diferentes segundo as capacidades dos alumnos e as alumnas, mellorando deste xeito a atención á diversidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Libro dixital
Pizarra dixital
Aula virtual
Caderno
Calculadora científica
Software matemático

Libro de texto e libro dixital. Matemáticas. Editorial Anaya. Operación mundo. Autores J. Colera e outros. Empregarase a aula virtual como apoio ás clases, onde se subirán actividades tanto de reforzo como de ampliación. Software: Geogebra ([www. geogebra.com/es/](http://www.geogebra.com/es/)), funciona como unha calculadora gráfica para xeometría, álgebra, cálculo, estatística, 3D, en definitiva, matemática dinámica para aprender e ensinar. Follas de cálculo: permítenos elaborar táboas e gráficas, e experimentar co resultado cambiando os datos iniciais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada alumno e alumna e detectar, se é o caso, as causas ou motivos polos cales esa situación non é a axeitada.

Esta avaliación farase logo de valorar:

Os datos relativos ao historial académico de cada alumno e, no seu caso, as suxestións efectuadas polo profesorado do curso anterior.

O comportamento, actitude de traballo dentro e fóra da aula, interés, esforzo, calidade de traballo de cada alumno durante as primeiras semanas do curso.

A información sobre o entorno familiar e social que poida achegar, por unha parte, o propio alumnado e, por outra, os titores do curso anterior ou a xefatura de estudos.

O profesorado terá en conta os resultados acadados polo alumnado nunha proba escrita que estará deseñada para comprobar, por unha parte, o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes e, por outra, o grao de asimilación da materia impartida ata ese momento, o modo de aprender de cada alumno (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas).

As medidas a adoptar como consecuencia dos resultados da avaliación inicial son:

Colectivas: corrección da proba na aula para aclarar dúbidas e emendar erros, repaso do tema en gran grupo coas achegas de todos, realización de actividades de repaso en equipos, aumentar o número de sesións previstas para as unidades ligadas a un coñecemento non adquirido pola maioría do alumnado, modificación da secuenciación dos contidos do curso, modificacións na temporalización prevista das unidades didácticas, cambios na metodoloxía empregada, reordenación do alumno na aula.

Individuais: reforzo educativo impartido polo propio profesor ou profesora da materia, atención máis individualizada na aula, realización de actividades complementarias na casa para fortalecer a base matemática, proposta dunha adaptación curricular, entrevista cos pais para tratar de corrixir condutas non axeitadas ou para intentar crear un hábito de traballo diario, resolución de exercicios de repaso propostos polo profesor; páxinas interactivas de autoavaliación con apuntes teóricos; elaboración e presentación dun traballo sobre o tema, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	5	15	10	15	5	5	10	5
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	95	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	5	10

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	90
Táboa de indicadores	10

Criterios de cualificación:

O curso dividirase en tres avaliacións máis a avaliación final ordinaria.

En cada unha das tres primeiras avaliacións realizaranse dúas probas escritas, cuxa data se fixará coa antelación suficiente, e que supoñerán o 90% da nota da avaliación. A primeira proba versará sobre os contidos dados da avaliación ata ese momento e a segunda proba sobre a materia traballada ao longo da avaliación (inclúe polo tanto os contidos da proba anterior). A primeira destas probas será 1/3 da nota e a segunda 2/3. A media ponderada entre estas dúas notas multiplicarase por 0,90.

O 10% restante da nota conformarano as actividades realizadas na aula ou propostas para a súa valoración.

O alumnado que a media aritmética das tres avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final sobre os contidos de toda a materia do curso, quedando como nota final da avaliación ordinaria a mellor das notas entre a proba final e a media aritmética das tres avaliacións.

Rúbrica para a corrección das actividades realizadas na aula ou propostas para a súa valoración:

[0, 2]: A actividade non foi realizada. Na actividade hai erros matemáticos graves. A actividade está resolta con procedementos inadecuados.

(2, 4]: A actividade non está finalizada. Na actividade hai erros matemáticos. Na actividade emprégase un procedemento adecuado.

(4, 6]: A actividade non está finalizada e non presenta erros. Emprégase un procedemento adecuado.

(6, 8]: A actividade está finalizada, pero presenta erros. Emprégase un procedemento adecuado.

(8, 10]: A actividade está finalizada, sen erros e empregando o procedemento máis adecuado.

Rúbrica para a observación do traballo diario:

[0, 3]: Non atende ás explicacións do profesor. Non tenta facer os exercicios que se propoñen. Non fai as tarefas de reforzo.

(3, 6]: Atende ás explicacións ás veces. Algunha vez tenta facer os exercicios propostos. Non fai as tarefas de reforzo.

(6, 8]: Atende ás explicacións. Tenta facer os exercicios propostos. Fai as tarefas que se propoñen de reforzo.

(8, 10]: Atende ás explicacións e pregunta o que non entende. Tenta de facer os exercicios propostos. Fai as tarefas de reforzo. Preséntase voluntario para resolver no encerado.

Criterios de recuperación:

Realizarase recuperación da primeira e da segunda avaliacións. Quedando como nota final da avaliación a mellor entre a nota de dita avaliación e a recuperación. Para a preparación da proba escrita de recuperación entregarase ao alumnado exercicios de reforzo para repasar os contidos da avaliación.

O alumnado que a media aritmética das tres avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final sobre os contidos de toda a materia do curso, quedando como nota final da avaliación ordinaria a mellor das notas entre a proba final e a media aritmética das tres avaliacións.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A avaliación da materia pendente é totalmente independente da materia do propio curso, polo cal convén ter moi claro que a superación desta última non implica unha avaliación automática positiva da materia pendente. Se non aproba a materia pendente do curso anterior non pode aprobar a materia do curso actual.

Os contidos aplicables ós alumnos pendentes serán os mesmos esixibles ó resto dos alumnos matriculados na materia.

Os programas para a recuperación das materias pendentes na ESO desenvólvense en tres parciais, coincidindo coas avaliacións parciais do curso actual máis a avaliación final ordinaria.

En cada unha das avaliacións parciais realízase unha proba escrita, cuxa data se fixará coa antelación suficiente, e que supoñerá o 90% da nota da avaliación. O 10% restante da nota conformarano as actividades propostas para a súa valoración.

Se a nota media dos tres parciais é maior ou igual a 5 terá aprobada a materia, e levará como cualificación na avaliación ordinaria esa media. En caso contrario, no mes de xuño realizará unha proba escrita dos contidos da avaliación sen superar, quedando como nota final da avaliación a mellor entre a nota de dita avaliación e a recuperación final do mes de xuño.

A nota final da avaliación ordinaria será a media das notas das tres avaliacións parciais.

RÚBRICA XERAL PARA A CORRECCIÓN DOS EXERCICIOS E PROBLEMAS:

[0, 2]] A actividade non foi realizada. Na actividade hai erros matemáticos graves. A actividade está resolta con procedementos inadecuados.

(2, 4] A actividade non está finalizada. Na actividade hai erros matemáticos. Na actividade emprégase un procedemento adecuado.

(4, 6] A actividade non está finalizada e non presenta erros. Emprégase un procedemento adecuado.

(6, 8] A actividade está finalizada, pero presenta erros. Emprégase un procedemento adecuado.

(8, 10] A actividade está finalizada, sen erros e empregando o procedemento máis adecuado.

Pendentes de 1º ESO

Primeiro exame:

Números naturais. Divisibilidade.

Números enteiros.

Segundo exame:

Números decimais

As fraccións. Operacións con fraccións.

Magnitudes proporcionais. Porcentaxes.

Terceiro exame:

Introdución a álgebra. Ecuacións

6. Medidas de atención á diversidade

O profesorado que imparta a materia de Matemáticas encargárase de:

¿ Detectar nos primeiros días do curso o alumnado que, ben por carencia de coñecementos previos ou ben por dificultades de comprensión, semelle que vai ter problemas para seguir unha aprendizaxe normal na materia de Matemáticas.

¿ Colaborar coa profesora de Pedagogía Terapéutica (PT) nos apoios que imparte esta, informándoa das carencias e problemas de aprendizaxe máis importantes que presenta cada un dos alumnos afectados pola medida, achegándolle os mínimos esixibles que debe alcanzar o alumnado afectado, pasándolle o material que precise e procurando a maior coordinación posible co que se está facendo no grupo de referencia.

¿ Detectar, no proceso de avaliación continua, o alumnado que nun determinado momento do curso comeza a precisar dunha medida de atención á diversidade, informando entón do feito ao titor ou titora, ao departamento de Orientación e as familias, e propoñendo, as medidas que estime oportunas.

¿ O Departamento de Orientación informa na avaliación inicial do alumnado coas seguintes características: Dentro das NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) podemos atoparnos con estudantes con NEE (Necesidades Educativas Específicas) tales como: Asperger, discapacidades, trastornos xerais de desenvolvemento; así como, estudantes con TDH e TDAH, con dificultades de aprendizaxe, con altas capacidades, condicións persoais específicas (inmigración, minorías étnicas, incorporación tardía). Iremos seguir as pautas establecidas polo Departamento de Orientación para o alumnado con trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH), das cales se falará no apartado seguinte.

Algunhas modificacións a realizar para atender coa programación á diversidade do alumnado, son:

¿ Adaptacións nos obxectivos e contidos:

- Adaptar os obxectivos e contidos a diversidade do alumnado.

- O alumnado con necesidades educativas especiais contarán con obxectivos e contidos específicos atendendo o tipo de necesidade.

- Favorecer uns obxectivos sobre outros para dar resposta as necesidades educativas.

- Prescindir de aqueles contidos que non atenden á diversidade do alumnado.

¿ Adaptacións na metodoloxía:

- Utilizar reforzos na metodoloxía xunto con estratexias para chamar a atención do grupo.

- Adecuar a nosa linguaxe ao nivel de comprensión do alumnado.

- Utilizar técnicas e estratexias que sexan útiles para o alumnado.

- Priorizar técnicas e estratexias que favorezan a experiencia, reflexión e expresión.

- Facer que o alumnado teña unha participación activa fomentando o traballo en grupos cooperativos.

- Traballar os contidos máis adecuados aos alumnos/as.

- Fomentar a motivación no alumnado e ampliar os seus intereses cara ao tema para tratar na aula.

¿ Adaptacións nas actividades de aula:

- Programar diferentes actividades para traballar un mesmo contido.
- As actividades propostas terán diferentes graos de realización.
- Realizar actividades para realizar en gran grupo, pequeno grupo, por parellas e de forma individual.
- Propoñer actividades con diferentes posibilidades de realización.
- Realizar actividades próximas á vida diaria, o que coñecen, ven e senten.
- Adecuar as actividades ás motivacións e intereses do alumnado no desenvolvemento de cada unidade didáctica.

¿ Adaptacións no proceso de avaliación:

- Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para realizar a avaliación.
- Diseñar diferentes actividades para avaliar o progreso do alumnado.
- Avaliar diferentes situacións de aprendizaxe
- Realizar unha avaliación inicial ao principio de cada unidade didáctica e poder detectar as ideas previas que posúen os alumnos/as, cales son os seus intereses e motivacións para o novo tema
- Propoñer aos alumnos/as a súa propia autoavaliación.

¿ Medidas de atención específicas para o alumnado con Trastorno de Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH)

Convén aclarar, en primeiro lugar, que ningún dos alumnos ou alumnas diagnosticados de TDAH en 1º ESO precisa, en principio, de adaptación curricular na área de Matemáticas.

De acordo coas directrices marcadas polo Departamento de Orientación, o profesorado encargado de impartir a materia de Matemáticas naqueles grupos onde hai alumnos con TDAH tomarán con cada un deles as seguintes medidas:

- Colocalo cerca do profesor, cun compañeiro que o "titorice", rodeado de alumnos tranquilos e lonxe de estímulos distractorios.
- Asegurarse de que apunta na axenda as tarefas ou traballos a facer e as datas en que debe entregalos, pedíndollos expresamente o día anterior ao marcada para a súa entrega.
- Comunicarlle ao titor ou titora, canto antes, calquera incidencia que deba ser posta en coñecemento da familia.
- Realizar un seguimento moi continuo da súa actitude e do seu proceso de aprendizaxe.
- Ignorar no posible as conductas non axeitadas e resaltar as positivas.
- Ser firmes, sen implicación emocional, cando haxa que aplicar as correccións, procurando que participe activamente nas solucións
- Evitar exames longos e complexos e, no seu lugar, poñerlle probas con predominio de preguntas cortas, claras e escritas con letra grande e ben espazadas entre si, destacando as palabras clave en negriña ou subliñadas, e apoiándoas, se é preciso, con debuxos, esquemas ou imaxes.
- Escribir, ao final das probas, frases como "REPASA o exame e asegúrate de que respondiches a todas as preguntas".
- Deixarlle, se o precisa, máis tempo do inicialmente marcado para a realización dos exames.
- Asegurarse de que entende ben o que se lle pide en cada pregunta dunha proba, permitindo, nese sentido, que lle pregunte ao profesor o que estime oportuno
- Revisar, de cando en vez, o que está facendo nos exames, preguntándolle que tal lle vai e aclarándolle calquera dúbida que lle xurda. Todo isto para que se sinta seguro e tranquilo.
- Impedir que entregue os exames de maneira precipitada e non recollerllo ata que o entreguen a maioría dos seus compañeiros e compañeiras.
- Facerlle bastantes probas orais, pois este tipo de alumnado ten bastante dificultade para organizar mentalmente a información que debe plasmar por escrito.
- Tomar en consideración as intervencións orais na clase á hora de cualificalo.

¿ Medidas de atención específicas para o alumnado con síndrome de Asperger

- Asegurarse de que os pais estean ao corrente dos deberes, exames e actividades de calquera tipo, anotándollo, se é preciso, na axenda escolar.
- Evitar explicarlle algo con frases ambiguas que podan levalo a unha interpretación errónea do que se lle quere transmitir.
- Asegurarse de que comprende perfectamente as instrucións ou tarefas encomendadas.
- Procurar buscarlle un compañeiro que o "titorice". A elección debe contar sempre coa aceptación de ambas as dúas partes.
- Transmitirlle confianza e valorar moito os seus logros.
- Inducilo a que participe nos xogos de grupo, pero tendo en conta as súas dificultades e respectando aqueles momentos nos que desexe estar só.
- Ser firmes, sen implicación emocional, cando haxa que aplicar as correccións, procurando que participe activamente

nas solución.

- Reducir o número de actividades esixidas para a casa, especialmente aquelas nas que deba escribir moito.
- Evitar exames largos e complexos e, no seu lugar, poñerlle probas con predominio de preguntas cortas, claras e escritas con letra grande e ben espazadas entre si, destacando as palabras clave en negra ou subliñadas, e apoiándoas, se é preciso, con debuxos, esquemas ou imaxes.
- Escribir, ao final das probas, frases como "REPASA o exame e asegúrate de que respondiches a todas as preguntas".
- Deixarlle, se o precisa, máis tempo do inicialmente marcado para a realización dos exames.
- Asegurarse de que entende ben o que se lle pide en cada pregunta dunha proba, permitindo, nese sentido, que lle pregunte ao profesor o que estime oportuno.
- Revisar, de cando en vez, o que está facendo nos exames, preguntándolle que tal lle vai e aclarándolle calquera dúbida que lle xurda. Todo isto para que se sinta seguro e tranquilo.
- Non penalizar a incorrecta escritura, desorganización ou faltas de ortografía, agás, claro está, nas preguntas específicas de corrección ortográficas.
- Avaliar as probas escritas máis en función do contido que da presentación ou mala estruturación.
- Comprender a súa problemática e destacar moi positivamente o seu esforzo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para o consumido	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a convivencia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación intercultural	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación cívica e moral	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Valor do sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Prevención do acoso escolar	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación para o consumido	X	X
ET.2 - Educación para a convivencia	X	X
ET.3 - Educación intercultural	X	X
ET.4 - Educación para a saúde	X	X
ET.5 - Educación ambiental	X	X

	UD 9	UD 10
ET.6 - Educación para a paz	X	X
ET.7 - Educación cívica e moral	X	X
ET.8 - Valor do sentido crítico	X	X
ET.9 - Prevención do acoso escolar	X	X

Observacións:

- Educación para o consumidor: É fundamental dominar as operacións e cálculos básicos para desenvolverse con éxito na sociedade de consumo.
- Educación para a convivencia: Fomentar as relacións persoais, situacións que permitan desenvolver actitudes de comprensión e comunicación coas persoas que nos rodean.
- Educación intercultural: Comentar por exemplo as enormes contribucións matemáticas do mundo árabe.
- Educación viaria: Pódese reflexionar sobre a conveniencia ou non de aumentar a velocidade para tentar chegar antes, da influencia do abuso do transporte privado na conxestión do tráfico, do aforro de enerxía e a contaminación das cidade.
- Educación para a saúde: Entre os exercicios propostos atopamos un que fai referencia ao nivel de ruído dos coches; Analizar a enorme importancia de levar a cabo unha alimentación correcta e adecuada e a necesidade de seguir hábitos de nutrición saudables. Ademais reflexionar sobre enfermidades como a ludopatía e reforzar a idea de que a probabilidade sempre está en contra do xogador. Convén incidir nos temas de representacións gráficas na correlación entre o consumo diario de tabaco e o cancro do pulmón e na incidencia dos malos hábitos de saúde (falta de exercicio físico, estrés, consumo de alcohol,...) nas enfermidades cardiovasculares.
- Educación ambiental: Pódese expor a recollida de datos e estudos sobre o crecemento demográfico, a talla de bosques ou os desastres naturais.
- Educación para a paz: O exposto no apartado de educación para a convivencia é válido tamén para a educación para a paz.
- Educación cívica e moral: Virá aparelada coa potenciación do traballo cooperativo.
- O valor do sentido crítico debe ser fortalecido con enunciados de exercicios que poñan de manifesto a utilización sesgada da información nos medios escritos e audiovisuais.
- A prevención do acoso escolar aproveitando as críticas que podan xurdir ás preguntas, respostas ou comentarios dalgún alumno ou alumna.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Por determinar.	Por determinar.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Práctica docente 8. Incorporar as TIC ós procesos de ensino - aprendizaxe.

Práctica docente 9. Prestar atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade didáctica.
Práctica docente 15. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación.
Metodoloxía empregada
Proceso de ensino 1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.
Proceso de ensino 2. Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe.
Práctica docente 1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado.
Práctica docente 4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Práctica docente 11. Debater co alumnado sobre a corrección das probas e traballos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Práctica docente 6. Potenciar estratexias de animación á lectura.
Práctica docente 7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.
Medidas de atención á diversidade
Proceso de ensino 7. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado.
Proceso de ensino 8. Utilizar distintos instrumentos de avaliación.
Práctica docente 2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise.
Práctica docente 3. Elaborar actividades atendendo á diversidade.
Práctica docente 14. Adecuar os apoios e reforzos ás unidades didácticas.
Clima de traballo na aula
Proceso de ensino 3. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Proceso de ensino 4. Conseguir a participación activa de todo o alumnado.
Proceso de ensino 9. Valorar realmente a observación do traballo na aula.
Proceso de ensino 10. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado.
Práctica docente 5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo.
Práctica docente 10. Corrixir rapidamente as probas e traballos.
Práctica docente 12. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Proceso de ensino 5. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.
Proceso de ensino 6. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Práctica docente 13. Implicarse nas funcións de titoría e orientación.

Descrición:

Os indicadores de logro valoraranse nunha escala de 1 a 4: 25% - 50% - 75% - 100% respectivamente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ó longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada profesor do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e obxectivos se adecúan por igual ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se é posible respectar en todos os seus grupos as temporalizacións fixadas para o tratamento das distintas unidades, se os mínimos esixibles son os axeitados, se o aproveitamento dos recursos é o óptimo, se as medidas de atención á diversidade funcionan, ...

As reunións do Departamento son o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas que vaian xurdindo.

Ademáis, debe ser no momento en que o Departamento elabore a memoria final cando se avalíe a fondo o grao de desenvolvemento de cada un dos elementos máis importantes da programación, analizando, nos casos en que ese desenvolvemento sexa deficiente, as súas causas, a maneira de corrixilas e a conveniencia de introducir modificacións ó seu respecto na programación do seguinte curso. Para facilitar a citada avaliación, o departamento de Matemática establece os seguintes indicadores do grao de desenvolvemento dos elementos máis importantes da programación cunha escala de 1 a 4, na cal 1 indica desenvolvemento mínimo ou inexistente; 2, desenvolvemento deficiente; 3, desenvolvemento aceptable; e 4, desenvolvemento esperado e desexado.

Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela:

1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas.
2. Respetar a secuenciación prevista dos contidos para cada unha das unidades.
3. Respetar o grao mínimo de consecución fixado para cada unidade didáctica.
4. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.
5. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.
6. Respetar o plan de avaliación inicial fixado.
7. Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.
8. Respetar os criterios establecidos para as recuperacións.
9. Respetar os criterios establecidos para a avaliación final.
10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
11. Respetar os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
12. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias.
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Resolución de situacións e problemas da vida cotiá mediante técnicas de combinatoria: variacións, permutacións e combinacións. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Propiedades xeométricas dos obxectos matemáticos e da vida cotiá: investigación con programas de xeometría dinámica. - Uso dos triángulos para descompoñer formas xeométricas de dúas e tres dimensións, estudar as súas propiedades e calcular os seus elementos. - Incerteza. - Aplicación do cálculo de probabilidades para tomar decisións fundamentadas en diferentes contextos aplicando a regra de Laplace e técnicas de recuento en experimentos simples e compostos. - Resolución de problemas sinxelos de probabilidade condicionada en contextos da vida real. - Planificación e realización de experimentos simples e compostos para estudar o comportamento de fenómenos aleatorios en situacións contextualizadas. - Crenzas, actitudes e emocións. - Mostras de curiosidade, iniciativa, perseveranza e resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Xestión das emocións que interveñen na aprendizaxe das matemáticas como a autoconciencia, a autorregulación e a perseveranza. - Fomento da flexibilidade cognitiva, buscando un cambio de estratexia cando sexa necesario, transformando o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Asunción de responsabilidades e participación activa para optimizar o traballo en equipo. - Disposición a pedir, dar e xestionar axuda para a xestión de conflitos. - Reflexión sobre as ideas clave de situacións problemáticas para ser capaz de tomar decisións adecuadas en situacións similares. - Inclusión, respecto e diversidade. - Actitudes inclusivas para acoller a diversidade presente na aula e na sociedade. - Uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. - Contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
7	Estatística unidimensional e bidimensional.	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica, interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica, interpretando os datos, as relacións entre eles e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	PE	92
CA5.2 - Expor variantes dun problema que leven a unha xeneralización.	Expor variantes dun problema que leven a unha xeneralización.		
CA5.3 - Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma.	Formular e comprobar conxecturas de forma autónoma.		
CA5.4 - Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	Proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.		
CA5.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	Resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.		
CA5.6 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propoñer situacións susceptibles de ser resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas.		
CA5.7 - Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		
CA6.1 - Identificar e xestionar as emocións propias, desenvolver o autoconceito matemático xerando expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Identificar e xestionar as emocións propias, desenvolver o autoconceito matemático xerando expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	TI	8
CA6.2 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas aceptando a crítica razoada.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas aceptando a crítica razoada.		
CA6.3 - Traballar e colaborar activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utilizar o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.	Traballar e colaborar activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utilizar o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.		
CA6.4 - Xestionar a repartición de tarefas do equipo, achegando valor ao grupo mesmo, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado.	Xestionar a repartición de tarefas do equipo, achegando valor ao grupo mesmo, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Organización e análise de datos.- Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos dunha e dúas variables.- Recollida e organización de datos dunha situación da vida cotiá que involucre unha e dúas variables.- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante medios dixitais para interpretar a información estatística e obter conclusións razoadas.- Cálculo das medidas de posición e dispersión máis relevantes para dar resposta a cuestións expostas en investigacións estatísticas.- Comparación de distribucións de datos atendendo a medidas de posición e dispersión.- Interpretación da relación entre dúas variables. Análise gráfica do tipo de relación e pertinencia de realizar unha regresión lineal.- Axuste lineal con ferramentas tecnolóxicas.- Inferencia.- Deseño de estudos estatísticos reflexionando sobre as diferentes etapas do proceso. Selección da mostra.- Presentación e interpretación de datos relevantes en investigacións estatísticas.- Utilización dos métodos e as ferramentas dixitais adecuadas en investigacións estatísticas.- Crenzas, actitudes e emocións.- Mostras de curiosidade, iniciativa, perseveranza e resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.- Xestión das emocións que interveñen na aprendizaxe das matemáticas como a autoconciencia, a autorregulación e a perseveranza.- Fomento da flexibilidade cognitiva, buscando un cambio de estratexia cando sexa necesario, transformando o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.- Traballo en equipo e toma de decisións.- Asunción de responsabilidades e participación activa para optimizar o traballo en equipo.- Disposición a pedir, dar e xestionar axuda para a xestión de conflitos.- Reflexión sobre as ideas clave de situacións problemáticas para ser capaz de tomar decisións adecuadas en situacións similares.- Inclusión, respecto e diversidade.- Actitudes inclusivas para acoller a diversidade presente na aula e na sociedade.- Uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.- Contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Matemáticas na ESO contribuirá ao desenvolvemento e adquisición das competencias e dos obxectivos xerais de etapa, tendo en conta o que o alumno é capaz de facer, os seus coñecementos previos e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos; é dicir, que poidan ser utilizados en novas situacións. Xa que logo, é moi importante contextualizar as aprendizaxes á resolución de problemas da vida real nos que se poden utilizar números, gráficos, táboas, etc., así como realizar operacións, e expresar a información de forma precisa e clara.

Nesta etapa, a resolución de problemas ocupa un lugar preferente no currículo como eixe do ensino e aprendizaxe das matemáticas. As estratexias de resolución e as destrezas de razoamento son contidos transversais a todos os bloques de contidos. Ademais, permiten traballar e integrar coñecementos de varios bloques ou de distintas materias. Desde todos os bloques haberá que abordar a planificación do proceso, as estratexias e técnicas da resolución de problemas ou a confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas para enfrontarse a situacións novas. Os problemas deberán partir do nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas e irase graduando a súa dificultade ao longo da etapa.

A metodoloxía a seguir aséntase nos seguintes principios:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a.
- Os alumnos son protagonistas da súa propia aprendizaxe. Cada un deles construíra a súa propia aprendizaxe, ao seu ritmo, partindo das súas capacidades individuais que, deben ser reforzadas coa axuda do profesor. Preténdese a implantación dunha aprendizaxe significativa no que o importante é que cada alumno poida construír significados e atribuír sentido ao que aprende.
 - Será obxectivo primordial, a formación en valores produtora de cidadáns libres, responsables, críticos e abertos á participación e cooperación.
 - Deberase de potenciar o desenvolvemento de capacidades en detrimento da mera acumulación conceptual.
 - Cada Unidade Didáctica deberá incluír actividades de iniciación, reforzo e ampliación, coas que atender a diversidade dos nosos alumnos.
 - Motivación: ao alumno hai que atraerlle mediante contextos próximos, presentarlle situación que entenda e resúltenlle significativas.
 - Foco na aplicación e utilidade que as matemáticas teñen na vida cotiá dos alumnos, sen prescindir do rigor que require a asignatura.
 - Relevancia das competencias en matemáticas e da competencia matemática. O valor educativo das Matemáticas concrétese en tres aspectos que deberán de ser atendidos de xeito equilibrado e que son:
 - Formativo de capacidades intelectuais e cognitivas.
 - Funcional, en canto a actividade matemática posibilita un mellor tratamento dos problemas derivados do ámbito extraescolar.
 - Instrumental, por canto proporciónase unha base científica unificadora doutras moitas actividades encasilladas noutras áreas do currículo educativo.
- A nosa actuación metodolóxica deberá guiarse polos seguintes principios, nos que se basea a teoría da aprendizaxe significativa:

- O proceso de ensino-aprendizaxe debe estar relacionado cos intereses, as necesidades e experiencias dos alumnos na súa contorna inmediata, é dicir, axustarse á estrutura psicolóxica do alumnado.
- A información que se lle proporcione aos alumnos deberá de ser, en todo momento, comprensible, lóxica e de utilidade, ben porque se lle faga ver a súa relación con outras materias do currículo ou a súa aplicación á vida cotiá.
- É importante que os alumnos dean significado aos novos coñecementos e relaciónenos cos que xa posúen.
- Débese de coidar o traballo conxunto entre profesor e alumnos de maneira que se produzan interaccións que faciliten a socialización do grupo.
- Aprendizaxe activo e colaborativo: a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é un xeito óptimo de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ha de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.
 - Peso importante das actividades: a extensa práctica de exercicios e problemas afianza os coñecementos adquiridos e permite ao profesor detectar (e liquidar calquera lagoa de aprendizaxe).
 - Integración das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Atención á diversidade de capacidades e intereses: isto implica unha metodoloxía de ensino na que a clave é garantir o avance seguro, o logro paso a paso. Evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente

traballadas e, en definitiva, frustracións por non alcanzar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo de que é capaz. O que implica atender non só a quen máis axuda necesita senón tamén aos alumnos con maior capacidade e interese por ampliar coñecementos.

- Será preciso traballar con técnicas de aprendizaxe cooperativo en pequenos grupos e con materiais que permitan distintos grados de profundización e actividades abertas. Os métodos teñen que ser diversos, tendendo sempre a propostas metodolóxicas que impliquen activamente ao alumnado. En ocasións, a utilización de distintos medios tecnolóxicos pode facilitar a aprendizaxe de forma autónoma e permitirá traballar a niveis diferentes segundo as capacidades dos alumnos e as alumnas, mellorando deste xeito a atención á diversidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Libro dixital
Pizarra dixital
Plataforma Edixgal
Caderno
Calculadora científica
Software matemático

Libro de texto e libro dixital. Matemáticas. Editorial Anaya. Operación mundo. Autores J. Colera e outros. Empregarase a plataforma Edixgal como apoio ás clases, onde se subirán actividades tanto de reforzo como de ampliación.

Software: Geogebra (www.geogebra.com/es/), funciona como unha calculadora gráfica para xeometría, álgebra, cálculo, estatística, 3D, en definitiva, matemática dinámica para aprender e ensinar.

Follas de cálculo: permítenos elaborar táboas e gráficas, e experimentar co resultado cambiando os datos iniciais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada alumno e alumna e detectar, se é o caso, as causas ou motivos polos cales esa situación non é a axeitada.

Esta avaliación farase logo de valorar:

- Os datos relativos ao historial académico de cada alumno e, no seu caso, as suxestións efectuadas polo profesorado do curso anterior.
 - Comportamento, actitude de traballo dentro e fóra da aula, interese, esforzo, calidade de traballo de cada alumno durante as primeiras semanas do curso.
 - A información sobre o entorno familiar e social que poida achegar, por unha parte, o propio alumnado e, por outra, os titores do curso anterior ou a xefatura de estudos.
 - O profesorado terá en conta os resultados acadados polo alumnado nunha proba escrita que estará deseñada para comprobar, por unha parte, o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes e, por outra, o grao de asimilación da materia impartida ata ese momento, o modo de aprender de cada alumno (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas). Dita proba escrita será a mesma para todo o alumnado do mesmo curso.

As medidas a adoptar como consecuencia dos resultados da avaliación inicial son:

- Colectivas: corrección da proba na aula para aclarar dúbidas e emendar erros, repaso do tema en gran grupo coas achegas de todos, realización de actividades de repaso en equipos, aumentar o número de sesións previstas para as unidades ligadas a un coñecemento non adquirido pola maioría do alumnado, modificación da secuenciación

dos contidos do curso, modificacións na temporalización prevista das unidades didácticas, cambios na metodoloxía empregada, reordenación do alumno na aula.

- Individuais: reforzo educativo impartido polo propio profesor ou profesora da materia, atención máis individualizada na aula, realización de actividades complementarias na casa para fortalecer a base matemática, proposta dunha adaptación curricular, entrevista cos pais para tratar de corrixir condutas non axeitadas ou para intentar crear un hábito de traballo diario, resolución de exercicios de repaso propostos polo profesor; páxinas interactivas de autoavaliación con apuntes teóricos; elaboración e presentación dun traballo sobre o tema, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	17	26	11	11	17	7	100
Proba escrita	92	92	92	92	92	92	92	92
Táboa de indicadores	8	8	8	8	8	8	8	8

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación

- O curso dividirase en tres avaliacións máis a avaliación final ordinaria.
 - En cada unha das tres primeiras avaliacións realizaranse dúas probas escritas, cuxa data se fixará coa antelación suficiente, e que supoñerán o 90% da nota da avaliación. A primeira proba versará sobre os contidos dados da avaliación ata ese momento e a segunda proba sobre a materia traballada ao longo da avaliación (inclúe por tanto os contidos da proba anterior). A primeira destas probas será 1/3 da nota e a segunda proba será 2/3 da nota. A media ponderada entre estas dúas notas multiplicarase por 0,90.
 - O 10% restante da nota conformarano as actividades realizadas na aula ou propostas para a súa valoración.
 - Realizarase unha recuperación das dúas primeiras avaliacións. Quedando como nota final da avaliación a mellor entre a nota de dita avaliación e a recuperación. Para a preparación da proba escrita de recuperación o alumnado terá na aula virtual exercicios de reforzo para repasar os contidos da avaliación.
 - Finalizada a terceira avaliación, farase a media aritmética das tres avaliacións, o alumnado terá a materia aprobada si dita media é un 5 ou superior, quedando como nota final da avaliación ordinaria a media das notas das tres avaliacións parciais.

O alumnado que a media aritmética das tres avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final sobre os contidos de toda a materia do curso, quedando como nota final da avaliación ordinaria a mellor das notas entre a proba final e a media aritmética das tres avaliacións.

RÚBRICA XERAL PARA A CORRECCIÓN DAS ACTIVIDADES:

[0, 2] A actividade non foi realizada. Na actividade hai erros matemáticos graves. A actividade está resolta con procedementos inadecuados.

(2, 4] A actividade non está finalizada. Na actividade hai erros matemáticos. Na actividade emprégase un procedemento adecuado.

(4, 6] A actividade non está finalizada e non presenta erros. Emprégase un procedemento adecuado.

(6, 8] A actividade está finalizada, pero presenta erros. Emprégase un procedemento adecuado.

(8, 10] A actividade está finalizada, sen erros e empregando o procedemento máis adecuado.

RÚBRICA PARA A OBSERVACIÓN DO TRABALLO DIARIO:

[0, 3] Non atende ás explicacións do profesor. Non tenta facer os exercicios que se proponen. Non fai as tarefas de reforzo.

(3 6] Atende ás explicacións ás veces. Algunha vez tenta facer os exercicios propostos. Non fai as tarefas de reforzo.

(6, 8] Atende ás explicacións. Tenta facer os exercicios propostos. Fai as tarefas que se propoñen de reforzo.

(8, 10] Atende ás explicacións e pregunta o que non entende. Tenta de facer os exercicios propostos. Fai as tarefas de reforzo. Preséntase voluntario para resolver no encerado.

Criterios de recuperación:

- Realizarase unha recuperación das dúas primeiras avaliacións. Quedando como nota final da avaliación a mellor entre a nota de dita avaliación e a recuperación. Para a preparación da proba escrita de recuperación o alumnado terá na aula virtual exercicios de reforzo para repasar os contidos da avaliación.
- O alumnado que a media aritmética das tres avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final sobre os contidos de toda a materia do curso, quedando como nota final da avaliación ordinaria a mellor das notas entre a proba final e a media aritmética das tres avaliacións.

6. Medidas de atención á diversidade

O profesorado que imparta a materia de Matemáticas encargárase de:

- Detectar nos primeiros días do curso o alumnado que, ben por carencia de coñecementos previos ou ben por dificultades de comprensión, semelle que vai ter problemas para seguir unha aprendizaxe normal na materia de Matemáticas.
 - Detectar, no proceso de avaliación continua, o alumnado que nun determinado momento do curso comeza a precisar dunha medida de atención á diversidade, informando entón do feito ao titor ou titora, ao departamento de Orientación e as familias, e propoñendo, as medidas que estime oportunas.
 - O Departamento de Orientación informa na avaliación inicial do alumnado coas seguintes características: Dentro das NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) podemos atoparnos con estudantes con NEE (Necesidades Específicas) tales como: Asperger, discapacidades, trastornos xerais de desenvolvemento; así como, estudantes con TDH e TDAH, con dificultades de aprendizaxe, con altas capacidades, condicións persoais específicas (inmigración, minorías étnicas, incorporación tardía). Iremos seguir as pautas establecidas polo Departamento de Orientación para o alumnado con trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH), das cales se falará no apartado seguinte.

Algunhas modificacións a realizar para atender coa programación á diversidade do alumnado, son:

- Adaptacións nos obxectivos e contidos:
 - Adaptar os obxectivos e contidos a diversidade do alumnado.
 - O alumnado con necesidades educativas especiais contarán con obxectivos e contidos específicos atendendo o tipo de necesidade.
 - Favorecer uns obxetivos sobre outros para dar resposta as necesidades educativas
 - Prescindir de aqueles contidos que non atenden á diversidade do alumnado.
 - Adaptacións na metodoloxía:
 - Utilizar reforzos na metodoloxía xunto con estratexias para chamar a atención do grupo.
 - Adecuar a nosa linguaxe ao nivel de comprensión do alumnado.
 - Utilizar técnicas e estratexias que sexan útiles para o alumnado.
 - Priorizar técnicas e estratexias que favorezan a experiencia, reflexión e expresión.
 - Facer que o alumnado teña unha participación activa fomentando o traballo en grupos cooperativos.
 - Traballar os contidos máis adecuados aos alumnos/as.
 - Fomentar a motivación no alumnado e ampliar os seus intereses cara ao tema para tratar na aula.
- Adaptacións nas actividades de aula:
 - Programar diferentes actividades para traballar un mesmo contido.
 - As actividades propostas terán diferentes graos de realización.
 - Realizar actividades para realizar en gran grupo, pequeno grupo, por parellas e de forma individual.
 - Propoñer actividades con diferentes posibilidades de realización.
 - Realizar actividades próximas á vida diaria, o que coñecen, ven e senten.
 - Adecuar as actividades ás motivacións e intereses do alumnado no desenvolvemento de cada unidade didáctica.
- Adaptacións no proceso de avaliación:
 - Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para realizar a avaliación.
 - Diseñar diferentes actividades para avaliar o progreso do alumnado.
 - Avaliar diferentes situacións de aprendizaxe
 - Realizar unha avaliación inicial ao principio de cada unidade didáctica e poder detectar as ideas previas que posúen os alumnos/as, cales son os seus intereses e motivacións para o novo tema

- Propoñer aos alumnos/as a súa propia autoavaliación.

• Medidas de atención específicas para o alumnado con Trastorno de Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH):

De acordo coas directrices marcadas polo Departamento de Orientación, o profesorado encargado de impartir a materia de Matemáticas naqueles grupos onde hai alumnos con TDAH tomarán con cada un deles as seguintes medidas:

- Colocalo cerca do profesor, cun compañeiro que o titorice, rodeado de alumnos tranquilos e lonxe de estímulos distractorios.
- Asegurarse de que apunta na axenda as tarefas ou traballos a facer e as datas en que debe entregalos, pedíndollos expresamente o día anterior ao marcada para a súa entrega.
- Comunicarlle ao titor ou titora, canto antes, calquera incidencia que deba ser posta en coñecemento da familia.
- Realizar un seguimento moi continuo da súa actitude e do seu proceso de aprendizaxe.
- Ignorar no posible as condutas non axeitadas e resaltar as positivas.
- Ser firmes, sen implicación emocional, cando haxa que aplicar as correccións, procurando que participe activamente nas solucións
- Evitar exames longos e complexos e, no seu lugar, poñerlle probas con predominio de preguntas cortas, claras e escritas con letra grande e ben espazadas entre si, destacando as palabras clave en negriña ou subliñadas, e apoiándoas, se é preciso, con debuxos, esquemas ou imaxes.
- Escribir, ao final das probas, frases como "REPASA o exame e asegúrate de que respondiches a todas as preguntas".
- Deixarlle, se o precisa, máis tempo do inicialmente marcado para a realización dos exames.
- Asegurarse de que entende ben o que se lle pide en cada pregunta dunha proba, permitindo, nese sentido, que lle pregunte ao profesor o que estime oportuno
- Revisar, de cando en vez, o que está facendo nos exames, preguntándolle que tal lle vai e aclarándolle calquera dúbida que lle xurda. Todo isto para que se sinta seguro e tranquilo.
- Impedir que entregue os exames de maneira precipitada e non recollerllo ata que o entreguen a maioría dos seus compañeiros e compañeiras.
- Facerlle bastantes probas orais, pois este tipo de alumnado ten bastante dificultade para organizar mentalmente a información que debe plasmar por escrito.
- Tomar en consideración as intervencións orais na clase á hora de cualificalo.

• Medidas de atención específicas para o alumnado con síndrome de Asperger

- Asegurarse de que os pais estean ao corrente dos deberes, exames e actividades de calquera tipo, anotándollo, se é preciso, na axenda escolar.
- Evitar explicarlle algo con frases ambiguas que podan levalo a unha interpretación errónea do que se lle quere transmitir.
- Asegurarse de que comprendeu perfectamente as instrucións ou tarefas encomendadas.
- Procurar buscarlle un compañeiro que o "titorice". A elección debe contar sempre coa aceptación de ambas as dúas partes.
- Transmitirlle confianza e valorar moito os seus logros.
- Inducilo a que participe nos xogos de grupo, pero tendo en conta as súas dificultades e respectando aqueles momentos nos que desexe estar só.
- Ser firmes, sen implicación emocional, cando haxa que aplicar as correccións, procurando que participe activamente nas solucións.
- Reducir o número de actividades esixidas para a casa, especialmente aquelas nas que deba escribir moito.
- Evitar exames longos e complexos e, no seu lugar, poñerlle probas con predominio de preguntas cortas, claras e escritas con letra grande e ben espazadas entre si, destacando as palabras clave en negriña ou subliñadas, e apoiándoas, se é preciso, con debuxos, esquemas ou imaxes.
- Escribir, ao final das probas, frases como "REPASA o exame e asegúrate de que respondiches a todas as preguntas".
- Deixarlle, se o precisa, máis tempo do inicialmente marcado para a realización dos exames.
- Asegurarse de que entende ben o que se lle pide en cada pregunta dunha proba, permitindo, nese sentido, que lle pregunte ao profesor o que estime oportuno.
- Revisar, de cando en vez, o que está facendo nos exames, preguntándolle que tal lle vai e aclarándolle calquera dúbida que lle xurda. Todo isto para que se sinta seguro e tranquilo.
- Non penalizar a incorrecta escritura, desorganización ou faltas de ortografía, agás, claro está, nas preguntas específicas de corrección ortográficas.
- Avaliar as probas escritas máis en función do contido que da presentación ou mala estruturación.
- Comprender a súa problemática e destacar moi positivamente o seu esforzo

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A prevención do acoso escolar aproveitando as críticas que podan xurdir ás preguntas, respostas ou comentarios dalgún alumno ou alumna.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a saúde: Analizar a enorme importancia de levar a cabo unha alimentación correcta e adecuada e a necesidade de seguir hábitos de nutrición saudables. Reflexionar sobre enfermidades como a ludopatía. Incidir na correlación entre o consumo diario de tabaco e o cancro do pulmón e na incidencia dos malos hábitos de saúde nas enfermidades cardiovasculares.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación ambiental: Pódese expor a recollida de datos e estudos sobre o crecemento demográfico, a talla de bosques ou os desastres naturais.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz: O exposto no apartado de educación para a convivencia é válido tamén para a educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo: É fundamental dominar as operacións e cálculos básicos para desenvolverse con éxito na sociedade de consumo.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a convivencia: Fomentar as relacións persoais, situacións que permitan desenvolver actitudes de comprensión e comunicación coas persoas que nos rodean.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación intercultural: Comentar, por exemplo, as enormes contribucións matemáticas do mundo árabe.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.8 - Educación viaria: Pódese reflexionar sobre a conveniencia ou non de aumentar a velocidade para tentar chegar antes, da influencia do abuso do transporte privado na conxestión do tráfico, do aforro de enerxía e a contaminación das cidade.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación cívica e moral: Virá aparelada coa potenciación do traballo cooperativo.	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - O valor do sentido crítico debe ser fortalecido con enunciados de exercicios que poñan de manifesto a utilización sesgada da información nos medios escritos e audiovisuais.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Diversos exercicios e actividades indúcennos cara á experiencia de compartir, de interesarse sinceramente polas persoas da nosa contorna inmediata, de fomentar as relacións persoais, e en definitiva de convivir fomentando situacións que permitan desenvolver actitudes de comprensión e comunicación coas persoas que nos rodean. É importante destacar o esforzo por recoñecer as individualidades, por respectar a diversidade de ideas e por erixir o diálogo como recurso para contrastar opinións. A igualdade entre os sexos, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia introducírase fomentando o desenvolvemento de actividades de grupo sen distincións por razóns de sexo, e potenciando un clima, tanto nos grupos de traballo como na clase, de aceptación, respecto e valoración das solucións distintas das propias que sexan aportadas por outras persoas, independentemente do seu sexo, raza, nacionalidade, grao de discapacidade (se é o caso), condición sexual, crenza relixiosa, etc. Así mesmo, o profesor ou profesora de Matemáticas deberá de ser a primeira persoa en dar exemplo, empregando diariamente unha linguaxe non sexista, non violenta, non discriminatoria e non irrespectuosa co alumnado e coidando de que os enunciados dos exercicios e problemas non reproduzan roles de tipo sexista ou tolerantes coa violencia. Pódese expor a recollida de datos e estudos sobre o crecemento demográfico, a talla de bosques ou os desastres naturais. Diversos problemas resoltos fan referencia aos terremotos e ao crecemento da poboación mundial. Neste punto podería reflexionarse sobre as formas de relacionarse co medio sen deterioralo. Promoverase ante informacións de tipo estatístico e a interpretación de gráficas e táboas de datos como as relacionadas coa contaminación ambiental, a deforestación, a superpoboación mundial, a propagación de especies invasoras, as enfermidades, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro Matemático por Pontevedra	Un pequeno recorrido para atopar algunhas das maneiras nas que se utilizan as matemáticas na cidade.			X
Taller: Mulleres matemáticas na historia	Averiguar a importante contribución das mulleres no desenvolvemento das matemáticas.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
14 marzo: concurso sobre o número pi	Os alumnos descubren esta cifra matemática a través de diferentes actividades.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Práctica docente 8. Incorporar as TIC ós procesos de ensino - aprendizaxe.
Práctica docente 9. Prestar atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade didáctica.
Práctica docente 15. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación.
Metodoloxía empregada
Proceso de ensino 1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.
Proceso de ensino 2. Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe.
Práctica docente 1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado.
Práctica docente 4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Práctica docente 11. Debater co alumnado sobre a corrección das probas e traballos.
Práctica docente 14. Adecuar os apoios e reforzos ás unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Práctica docente 6. Potenciar estratexias de animación á lectura.
Práctica docente 7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.
Medidas de atención á diversidade
Proceso de ensino 7. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado.
Proceso de ensino 8. Utilizar distintos instrumentos de avaliación.
Práctica docente 2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise.
Práctica docente 3. Elaborar actividades atendendo á diversidade.

Clima de traballo na aula
Proceso de ensino 3. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Proceso de ensino 4. Conseguir a participación activa de todo o alumnado.
Proceso de ensino 9. Valorar realmente a observación do traballo na aula.
Proceso de ensino 10. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado.
Práctica docente 5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo.
Práctica docente 10. Corrixir rapidamente as probas e traballos.
Práctica docente 12. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Proceso de ensino 5. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.
Proceso de ensino 6. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Práctica docente 13. Implicarse nas funcións de tutoría e orientación.

Descrición:

Os indicadores de logro valoraranse nunha escala de 1 a 4: 25% - 50% - 75% - 100% respectivamente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ó longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada profesor do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e obxectivos se adecúan por igual ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se é posible respectar en todos os seus grupos as temporalizacións fixadas para o tratamento das distintas unidades, se os mínimos esixibles son os axeitados, se o aproveitamento dos recursos é o óptimo, se as medidas de atención á diversidade funcionan, ...

As reunións do Departamento son o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas que vaian xurdindo.

Ademáis, debe ser no momento en que o Departamento elabore a memoria final cando se avalíe a fondo o grao de desenvolvemento de cada un dos elementos máis importantes da programación, analizando, nos casos en que ese desenvolvemento sexa deficiente, as súas causas, a maneira de corrixilas e a conveniencia de introducir modificacións ó seu respecto na programación do seguinte curso. Para facilitar a citada avaliación, o departamento de Matemática establece os seguintes indicadores do grao de desenvolvemento dos elementos máis importantes da programación cunha escala de 1 a 4, na cal 1 indica desenvolvemento mínimo ou inexistente; 2, desenvolvemento deficiente; 3, desenvolvemento aceptable; e 4, desenvolvemento esperado e desexado.

Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela:

1. Respectar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas.
2. Respectar a secuenciación prevista dos contidos para cada unha das unidades.
3. Respectar o grao mínimo de consecución fixado para cada unidade didáctica.
4. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.
5. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.
6. Respectar o plan de avaliación inicial fixado.
7. Respectar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.
8. Respectar os criterios establecidos para as recuperacións.
9. Respectar os criterios establecidos para a avaliación final.

10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
11. Respetar os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
12. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias.
13. Informar ó titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.
14. Adecuar os exames ós contidos establecidos.
15. Realizar as actividades complementarias previstas.
16. Informar ás familias sobre criterios e instrumentos de avaliación.
17. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.
18. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006729	IES Valle-Inclán	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Matemáticas I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	33
4.2. Materiais e recursos didácticos	34
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	35
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	37
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	39
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	41
7.2. Actividades complementarias	42
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	42
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	44
9. Outros apartados	44

1. Introducción

A principal normativa de referencia para a elaboración da programación didáctica vén constituída polas seguintes normas:

DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

O instituto está situado na Gran Vía Montero Ríos, no lateral da Alameda, na entrada da zona monumental. Trátase de un edificio nobre.

No IES Valle Inclán cursan estudos alumnado distribuído en 4 liñas de ESO e 5 de bacharelato (3 da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía e 2 de Humanidades e Ciencias Sociais), e no bacharelato de adultos. Tamén está dedicado a unha parte dos estudos da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra..

Os centros adscritos ó IES Valle Inclán na ESO son: CEIP Álvarez Limeses, CEIP plurilingüe Praza de Barcelos e o CEIP San Xosé.

O centro adscrito no Bacharelato: CPR plurilingüe Calasancio

Aínda que debido ó proceso de escolarización a procedencia dos alumnos é diversa, a maior parte deles proceden de familias relacionadas co comercio, profesións liberais, funcionarios e pequenos empresarios. En liñas xerais as familias están preocupadas polos estudos dos seus fillos.

O desenvolvemento curricular das Matemáticas I e II oríentase ao logro dos obxectivos xerais da etapa.

Os eixes principais dos obxectivos de Matemáticas I e II son a comprensión efectiva de conceptos e procedementos matemáticos xunto coas actitudes propias do quefacer matemático, que permiten construír unha base conceptual sólida a partir da resolución de problemas, do razoamento e da investigación matemática, especialmente enfocados á interpretación e análise de cuestións da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Os obxectivos céntranse nos procesos que mellor lle permiten ao alumnado desenvolver destrezas como a resolución de problemas, o razoamento e a argumentación, a representación e a comunicación, xunto coas destrezas socioafectivas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e da ciencia e da tecnoloxía aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións.			1-2-3	2-5	40-50		3	
OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.			1-2	2	40	3	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.	1		1-2	1-2-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito da ciencia e da tecnoloxía.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.			1-3	2-3				1
OBX6 - Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.			1-2	2	50	4	2-3	1
OBX7 - Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.			3	1-2-5			3	41-42
OBX8 - Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.	1-3	1	2-4	3				32
OBX9 - Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.		3	5		11-12-31-32	2-3	2	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Álgebra	Resolución de ecuacións, inecuacións, sistemas de ecuacións e sistemas de inecuacións	10	15	X		
2	Funcións	Estudo e representación gráfica de funcións. Propiedades das distintas clases de funcións (polinómicas, exponenciais, irracionais, racionais, logarítmicas, trigonométricas e a anacos)	10	10	X		
3	Límites e continuidade de funcións	Concepto de límite e cálculo de límites dunha función nun punto e no infinito. Estudo da continuidade dunha función. Tipos de discontinuidade.	10	15	X		
4	Derivación	Definición e interpretación xeométrica da derivada dunha función nun punto. Recta tanxente. Cálculo de derivadas.	10	15		X	
5	Aplicación do cálculo diferencial ao estudo local de funcións	Estudo da monotonía, extremos, curvatura, puntos de inflexión de funcións polinómicas, exponenciais, irracionais, racionais, logarítmicas. Representación gráfica de funcións polinómicas e racionais sinxelas. Problemas de optimización.	15	20		X	
6	Trigonometría	Razóns trigonométricas dun ángulo calquera, dos ángulos suma, diferenza, dobre e metade. Resolución de ecuacións trigonométricas. Aplicacións do teorema do seno e do coseno á resolución de triángulos.	10	15		X	
7	Números complexos	Introdución dos números complexos como solucións de ecuacións polinómicas con raíces non reais. Forma binómica e polar. Operacións con complexos (suma, resta, multiplicación, división, potencias e raíces)	10	10			X
8	Vectores no plano	Concepto e operacións con vectores libres. Produto escalar de vectores (propiedades e interpretación xeométrica). Módulo dun vector e ángulo de dous vectores.	5	10			X
9	Xeometría analítica no plano	Ecuacións da recta no plano. Estudo de incidencia, paralelismo, distancia e ángulos de rectas.	10	15			X
10	Probabilidade	Cálculo da probabilidade a partir da súa aproximación frecuencial. A regra de Laplace en situación de equiprobabilidade. Axiomática de Kolmogorov.	5	10			X
11	Distribucións bidimensionais	Distribución conxunta, marxinais e condicionadas de variables bidimensionais. Estudo da relación entre dúas variables mediante regresión lineal e cuadrática. Coeficientes de correlación lineal e de determinación.	5	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Álgebra	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifestar unha visión matemática integrada, conectando as diferentes ideas matemáticas.	PE	90
CA4.2 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información		
CA4.3 - esolver problemas en contextos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Resolver problemas sinxelos en contextos matemáticos, aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas		
CA4.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Obter posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado		
CA4.5 - Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e argumentación		
CA4.6 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, utilizando o pensamento computacional, modificando e creando algoritmos.	Resolver situacións problematizadas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, utilizando o pensamento computacional, utilizando o pensamento computacional,		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Empregar algunhas ferramentas tecnolóxicas na formulación de problemas.		
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade.	TI	10
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias das e dos demais e escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relac	Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias das e dos demais e escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal.		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlle fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	TI	12
CA6.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.	Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións saudables.		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Continuidade dunha función. Continuidade en intervalos pechados. Teorema de Bolzano. - Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. Aplicacións. - Regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites.

Contidos

- Aplicación dos conceptos de límite, continuidade e derivabilidade á representación e ao estudo de situacións susceptibles de ser modelizadas mediante funcións.
- Aplicación da derivada como razón de cambio á resolución de problemas de optimización en contextos diversos.
- Padróns.
- Xeneralización de padróns en situacións diversas. Obtención do patrón en diferentes contextos: potencia n-ésima dunha matriz, derivada n-ésima...
- Modelo matemático.
- Relacións cuantitativas en situacións complexas: estratexias de identificación e determinación da clase ou clases de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables.
- Relacións e funcións.
- Representación, análise e interpretación de funcións con ferramentas dixitais.
- Propiedades das distintas clases de funcións: comprensión e comparación.
- Aplicación do cálculo de derivadas ao estudo de intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, intervalos de concavidade e convexidade, puntos de inflexión.
- Asíntotas: horizontal, vertical e oblicua.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Toma de decisións.
- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía

UD	Título da UD	Duración
5	Cálculo integral	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Demostrar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Demostrar unha visión matemática integrada, conectando as diferentes ideas matemáticas.	PE	88
CA2.2 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas	Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA2.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.		
CA2.4 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (sustentabilidade, consumo responsable, equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto usando o razoamento e a argumentación.		
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se presentan na sociedade.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se presentan na sociedade.	TI	12
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlle fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.	Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións saudables.		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Medición.

Contidos

- Concepto de integral definida. Interpretación da integral definida como a área baixo unha curva. Propiedades.
- Teorema do valor medio e teorema fundamental do cálculo integral. Interpretación xeométrica.
- Concepto de primitiva dunha función. Integral indefinida. Propiedades.
- Regra de Barrow.
- Técnicas elementais para o cálculo de primitivas: integrais inmediatas e case inmediatas, por partes, cambio de variable e racionais con raíces reais.
- Técnicas para a aplicación do concepto de integral á resolución de problemas que impliquen cálculo de áreas de superficies planas limitadas por rectas e curvas ou por dúas curvas e de volumes de revolución.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Toma de decisións.
- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía

UD	Título da UD	Duración
6	Probabilidade	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Demostrar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Demostrar unha visión matemática integrada, conectando as diferen-tes ideas matemáticas.	PE	88
CA2.2 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas	Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos ma-temáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA2.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.		
CA2.4 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (sustentabilidade, consumo responsable, equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto usando o razoamento e a argumentación.		
CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.		
CA5.2 - Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamen-tos matemáticos.		
CA5.3 - Manexar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que modelizan e resollen problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, seleccionando as máis adecuadas segundo a súa eficiencia.	Manexar diferentes estratexias e ferramentas que resollen proble-mas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, seleccionando as máis adecuadas segundo a súa eficiencia.		
CA5.4 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos ma-temáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se presentan na sociedade.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valo-rando a a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se presentan na sociedade.	TI	12
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emo-cións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e apren-dendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.	Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións saudables.		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medición. - A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios: interpretación subxectiva, clásica e frecuentista. - Incerteza. - Sucesos. Operacións con sucesos. Axiomática de Kolmogorov. - Cálculo de probabilidades en experimentos compostos. Probabilidade condicionada e independencia entre sucesos aleatorios. Diagramas de árbore e táboas de continxencia. - Teoremas da probabilidade total e de Bayes: resolución de problemas e interpretación do teorema de Bayes para actualizar a probabilidade a partir da observación e a experimentación e a toma de decisións en condicións de incerteza. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Toma de decisións. - Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas. - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía. - Comunicación e organización. - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.

Contidos

- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía

UD	Título da UD	Duración
7	Variables aleatorias	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	PE	88
CA5.2 - Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos.		
CA5.3 - Manexar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que modelizan e resolven problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, seleccionando as máis adecuadas segundo a súa eficiencia.	Manexar diferentes estratexias e ferramentas que resolven problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, seleccionando as máis adecuadas segundo a súa eficiencia.		
CA5.4 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se presentan na sociedade.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se presentan na sociedade.	TI	12
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.	Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións saudables.		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Distribucións de probabilidade. - Variables aleatorias discretas (distribución de probabilidade, media, varianza e desviación típica) e continuas (función de densidade e función de distribución). - Modelización de fenómenos estocásticos mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal. Cálculo de probabilidades asociadas mediante ferramentas tecnolóxicas. - Cálculo de probabilidades mediante a aproximación da binomial pola normal. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Toma de decisións. - Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas. - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía. - Comunicación e organización. - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Matemáticas contribuirá ao desenvolvemento e adquisición das competencias e dos obxectivos xerais de etapa, tendo en conta o que o alumno é capaz de facer, os seus coñecementos previos e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos; é dicir, que poidan ser utilizados en novas situacións. Xa que logo, é moi importante contextualizar as aprendizaxes á resolución de problemas da vida real nos que se poden utilizar números, gráficos, táboas, etc., así como realizar operacións, e expresar a información de forma precisa e clara.

A resolución de problemas ocupa un lugar preferente no currículo como eixe do ensino e aprendizaxe das matemáticas. As estratexias de resolución e as destrezas de razoamento son contidos transversais a todos os bloques de contidos. Ademais, permiten traballar e integrar coñecementos de varios bloques ou de distintas materias. Desde todos os bloques haberá que abordar a planificación do proceso, as estratexias e técnicas da resolución de problemas ou a confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas para enfrontarse a situacións novas. Os problemas deberán partir do nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas e irase graduando a súa dificultade ao longo da etapa.

A metodoloxía a seguir aséntase nos seguintes principios:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a.
- Os alumnos son protagonistas da súa propia aprendizaxe. Cada un deles construíra a súa propia aprendizaxe, ao seu ritmo, partindo das súas capacidades individuais que, deben ser reforzadas coa axuda do profesor. Preténdese a implantación dunha aprendizaxe significativa no que o importante é que cada alumno poida construír significados e atribuír sentido ao que aprende.
 - Será obxectivo primordial, a formación en valores produtora de cidadáns libres, responsables, críticos e abertos á participación e cooperación.
 - Deberase de potenciar o desenvolvemento de capacidades en detrimento da mera acumulación conceptual.
 - Cada Unidade Didáctica deberá incluír actividades de iniciación, reforzo e ampliación, coas que atender a diversidade dos nosos alumnos.
 - Motivación: ao alumno hai que atraerlle mediante contextos próximos, presentarlle situación que entenda e resúltenlle significativas.
 - Foco na aplicación e utilidade que as matemáticas teñen na vida cotiá dos alumnos, sen prescindir do rigor que require a asignatura.
 - Relevancia das competencias en matemáticas e da competencia matemática. O valor educativo das Matemáticas concrétese en tres aspectos que deberán de ser atendidos de xeito equilibrado e que son:
 - Formativo de capacidades intelectuais e cognitivas.
 - Funcional, en canto a actividade matemática posibilita un mellor tratamento dos problemas derivados do ámbito extraescolar.
 - Instrumental, por canto proporciónase unha base científica unificadora doutras moitas actividades encasilladas noutras áreas do currículo educativo.

• A nosa actuación metodolóxica deberá guiarse polos seguintes principios, nos que se basea a teoría da aprendizaxe significativa:

- O proceso de ensino-aprendizaxe debe estar relacionado cos intereses, as necesidades e experiencias dos alumnos na súa contorna inmediata, é dicir, axustarse á estrutura psicolóxica do alumnado.
- A información que se lle proporcione aos alumnos deberá de ser, en todo momento, comprensible, lóxica e de utilidade, ben porque se lle faga ver a súa relación con outras materias do currículo ou a súa aplicación á vida cotiá.
- É importante que os alumnos dean significado aos novos coñecementos e relaciónenos cos que xa posúen.
- Débese de coidar o traballo conxunto entre profesor e alumnos de maneira que se produzan interaccións que faciliten a socialización do grupo.
 - Aprendizaxe activo e colaborativo: a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é un xeito óptimo de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ha de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.
 - Peso importante das actividades: a extensa práctica de exercicios e problemas afianza os coñecementos adquiridos e permite ao profesor detectar (e liquidar calquera lagoa de aprendizaxe).
 - Integración das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Atención á diversidade de capacidades e intereses: isto implica unha metodoloxía de ensino na que a clave é garantir o avance seguro, o logro paso a paso. Evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente

traballadas e, en definitiva, frustracións por non alcanzar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo de que é capaz. O que implica atender non só a quen máis axuda necesita senón tamén aos alumnos con maior capacidade e interese por ampliar coñecementos.

· Será preciso traballar con técnicas de aprendizaxe cooperativo en pequenos grupos e con materiais que permitan distintos grados de profundización e actividades abertas. Os métodos teñen que ser diversos, tendendo sempre a propostas metodolóxicas que impliquen activamente ao alumnado. En ocasións, a utilización de distintos medios tecnolóxicos pode facilitar a aprendizaxe de forma autónoma e permitirá traballar a niveis diferentes segundo as capacidades dos alumnos e as alumnas, mellorando deste xeito a atención á diversidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto.
Calculadora científica.
Software matemático
Internet.
Aula virtual do centro.

Matemáticas - II. Editorial Anaya. Autores J. Colera y otros

Software: Geogebra (www.geogebra.com/es/), funciona como unha calculadora gráfica para xeometría, álgebra, cálculo, estatística, 3D, en definitiva, matemática dinámica para aprender e ensinar. Follas de cálculo: permítenos elaborar táboas e gráficas, e experimentar co resultado cambiando os datos iniciais.

Internet: Moodle para crear e desenvolver unidades didácticas na aula virtual do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada alumno e alumna e detectar, se é o caso, as causas ou motivos polos cales esa situación non é a axeitada.

Esta avaliación farase logo de valorar as seguintes cuestións:

Os datos relativos ao historial académico de cada alumno e, no seu caso, as suxestións efectuadas polo profesorado do curso anterior.

O comportamento, actitude de traballo dentro e fóra da aula, interese, esforzo, calidade de traballo de cada alumno durante as primeiras semanas do curso.

A información sobre o entorno familiar e social que poida achegar, por unha parte, o propio alumnado e, por outra, os titores do curso anterior ou a xefatura de estudos.

O profesorado terá en conta os resultados acadados polo alumnado nunha proba escrita que estará deseñada para comprobar, por unha parte, o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes e, por outra, o grao de asimilación da materia impartida ata ese momento, o modo de aprender de cada alumno (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas). Dita proba escrita será a mesma para todo o alumnado do mesmo curso.

As medidas a adoptar como consecuencia dos resultados da avaliación inicial son:

Colectivas: corrección da proba na aula para aclarar dúbidas e emendar erros, repaso do tema en gran grupo coas achegas de todos, realización de actividades de repaso en equipos, aumentar o número de sesións previstas para as unidades ligadas a un coñecemento non adquirido pola maioría do alumnado, modificación da secuenciación dos contidos do curso, modificacións na temporalización prevista das unidades didácticas, cambios na metodoloxía empregada, reordenación do alumno na aula.

Individuais: reforzo educativo impartido polo propio profesor ou profesora da materia, atención máis individualizada na aula, realización de actividades complementarias na casa para fortalecer a base matemática, entrevista cos pais para tratar de corrixir condutas non axeitadas ou para intentar crear un hábito de traballo diario, resolución de exercicios de repaso propostos polo profesor; páxinas interactivas de autoavaliación con apuntes teóricos;

elaboración e presentación dun traballo sobre o tema, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	9	26	17	17	9	9	100
Proba escrita	88	88	88	88	88	88	88	88
Táboa de indicadores	12	12	12	12	12	12	12	12

Criterios de cualificación:

- O curso dividirase en tres avaliacións máis a avaliación final ordinaria. Haberá unha proba extraordinaria para o alumnado que non superase a materia na avaliación ordinaria.

- **1ª Avaliación:**

Un exame dos contidos do bloque de álgebra traballados ata o momento, e un segundo exame de todo o bloque de álgebra máis a parte do bloque de xeometría explicado ata final da avaliación. A primeira destas probas será 1/3 da nota e a segunda 2/3 da nota .A media ponderada entre estas dúas notas multiplicarase por 0,90. O 10% restante da nota conformarano as actividades realizadas na aula ou propostas para a súa valoración.

- **2ª Avaliación:**

Un exame dos contidos do bloque de xeometría, e un segundo exame de cálculo diferencial (do bloque de análises matemático). A primeira destas probas será 1/2 da nota e a segunda 1/2 da nota .A media entre estes dous notas multiplicarase por 0,90. O 10% restante da nota conformarano as actividades realizadas na aula ou propostas para a súa valoración.

- **3ª Avaliación:**

Un exame dos contidos do bloque de análises matemático (cálculo diferencial e cálculo integral), e un segundo exame de cálculo de áreas e todo o bloque de estatística. A primeira destas probas será 1/2 da nota e a segunda 1/2 da nota .A media entre estas dúas notas multiplicarase por 0,90. O 10% restante da nota conformarano as actividades realizadas na aula ou propostas para a súa valoración.

- Realizarase unha recuperación de cada unha das avaliacións. Quedando como nota final da avaliación a mellor entre a nota de dita avaliación e a recuperación.

Para a preparación da proba escrita de recuperación entregarase ao alumnado exercicios de reforzo para repasar os contidos da avaliación.

- Finalizada a terceira avaliación, farase a media aritmética das tres avaliacións, o alumnado terá a materia aprobada si dita media é un 5 ou superior, quedando como nota final da avaliación ordinaria a media das notas das tres avaliacións parciais.

O alumnado que a media aritmética das tres avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final sobre os contidos de toda a materia do curso, quedando como nota final da avaliación ordinaria a mellor das notas entre a proba final e a media aritmética das tres avaliacións.

- Finalizada a avaliación ordinaria, durante o mes de xuño, para o alumnado que debe realizar a avaliación extraordinaria, realizaranse actividades de reforzo para preparar a proba escrita de dita convocatoria..

Rúbricas para a corrección das actividades realizadas na aula ou propostas para a súa valoración:

[0, 2] A actividade non foi realizada. Na actividade hai erros matemáticos graves. A actividade está resolta con procedementos inadecuados.

(2, 4] A actividade non está finalizada. Na actividade hai erros matemáticos. Na actividade emprégase un procedemento adecuado.

(4, 6] A actividade non está finalizada e non presenta erros. Emprégase un procedemento adecuado.

(6, 8] A actividade está finalizada, pero presenta erros. Emprégase un procedemento adecuado.

(8, 10] A actividade está finalizada, sen erros e empregando o procedemento máis adecuado.

Criterios de recuperación:

Realizarase unha recuperación de cada unha das avaliacións.

Para a preparación da proba escrita de recuperación entregárase ao alumnado exercicios de reforzo para repasar os contidos da avaliación, que serán supervisados polo profesorado.

O alumnado que a media aritmética das tres avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final sobre os contidos de toda a materia do curso, quedando como nota final da avaliación ordinaria a mellor das notas entre a proba final e a media aritmética das tres avaliacións.

6. Medidas de atención á diversidade

O profesorado que imparta a materia de Matemáticas encargárase de:

- Detectar nos primeiros días do curso o alumnado que, ben por carencia de coñecementos previos ou ben por dificultades de comprensión, semelle que vai ter problemas para seguir unha aprendizaxe normal na materia de Matemáticas.

- Detectar, no proceso de avaliación continua, o alumnado que nun determinado momento do curso comeza a precisar dunha medida de atención á diversidade, informando entón do feito ao titor ou titora, ao departamento de Orientación e as familias, e propoñendo, as medidas que estime oportunas.

- Dentro das NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) podemos atoparnos con estudantes con NEE (Necesidades Educativas Específicas) tales como: Asperger, discapacidades, trastornos xerais de desenvolvemento; así como, estudantes con TDH e TDAH, con dificultades de aprendizaxe, con altas capacidades, condicións persoais específicas (inmigración, minorías étnicas, incorporación tardía). Imos seguir as pautas establecidas polo Departamento de Orientación para o alumnado con trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH), das cales se falará no apartado seguinte.

Algunhas modificacións a realizar para atender coa programación á diversidade do alumnado, son:

- Adaptacións nos obxectivos e contidos:
 - Adaptar os obxectivos e contidos a diversidade do alumnado.
 - Alumnado con necesidades educativas especiais contarán con obxectivos e contidos específicos atendendo o tipo de necesidade.
 - Favorecer uns obxetivos sobre outros para dar resposta as necesidades educativas
 - Prescindir de aqueles contidos que non atenden á diversidade do alumnado.

- Adaptacións na metodoloxía:
 - Utilizar reforzos na metodoloxía xunto con estratexias para chamar a atención do grupo.
 - Adecuar a nosa linguaxe ao nivel de comprensión do alumnado.
 - Utilizar técnicas e estratexias que sexan útiles para o alumnado.
 - Priorizar técnicas e estratexias que favorezan a experiencia, reflexión e expresión.
 - Facer que o alumnado teña unha participación activa fomentando o traballo en grupos cooperativos.
 - Traballar os contidos máis adecuados aos alumnos/as.
 - Fomentar a motivación no alumnado e ampliar os seus intereses cara ao tema para tratar na aula.

- Adaptacións nas actividades de aula:
 - Programar diferentes actividades para traballar un mesmo contido.
 - As actividades propostas terán diferentes graos de realización.
 - Realizar actividades para realizar en gran grupo, pequeno grupo, por parellas e de forma individual.
 - Propoñer actividades con diferentes posibilidades de realización.
 - Realizar actividades próximas á vida diaria, o que coñecen, ven e senten.
 - Adecuar as actividades ás motivacións e intereses do alumnado no desenvolvemento de cada unidade didáctica.

- Adaptacións no proceso de avaliación:
 - Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para realizar a avaliación.
 - Diseñar diferentes actividades para avaliar o progreso do alumnado.

- Avaliar diferentes situacións de aprendizaxe
- Realizar unha avaliación inicial ao principio de cada unidade didáctica e poder detectar as ideas previas que posúen os alumnos/as, cales son os seus intereses e motivacións para o novo tema
- Propoñer aos alumnos/as a súa propia autoavaliación.

- Medidas de atención específicas para o alumnado con Trastorno de Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH)

De acordo coas directrices marcadas polo Departamento de Orientación, o profesorado encargado de impartir a materia de Matemáticas naqueles grupos onde hai alumnos con TDAH tomarán con cada un deles as seguintes medidas:

- Colocalo cerca do profesor, cun compañeiro que o titoree, rodeado de alumnos tranquilos e lonxe de estímulos distractorios.
- Asegurarse de que apunta na axenda as tarefas ou traballos a facer e as datas en que debe entregalos, pedíndollos expresamente o día anterior ao marcada para a súa entrega.
- Comunicarlle ao titor ou titora, canto antes, calquera incidencia que deba ser posta en coñecemento da familia.
- Realizar un seguimento moi continuo da súa actitude e do seu proceso de aprendizaxe.
- Ignorar no posible as condutas non axeitadas e resaltar as positivas.
- Ser firmes, sen implicación emocional, cando haxa que aplicar as correccións, procurando que participe activamente nas solucións
- Evitar exames longos e complexos e, no seu lugar, poñerlle probas con predominio de preguntas cortas, claras e escritas con letra grande e ben espazadas entre si, destacando as palabras clave en negriña ou subliñadas, e apoiándoas, se é preciso, con debuxos, esquemas ou imaxes.
- Escribir, ao final das probas, frases como “REPASA o exame e asegúrate de que respondiches a todas as preguntas”.
- Deixarlle, se o precisa, máis tempo do inicialmente marcado para a realización dos exames.
- Asegurarse de que entende ben o que se lle pide en cada pregunta dunha proba, permitindo, nese sentido, que lle pregunte ao profesor o que estime oportuno
- Revisar, de cando en vez, o que está facendo nos exames, preguntándolle que tal lle vai e aclarándolle calquera dúbida que lle xurda. Todo isto para que se sinta seguro e tranquilo.
- Impedir que entregue os exames de maneira precipitada e non recollerllo ata que o entreguen a maioría dos seus compañeiros e compañeiras.
- Facerlle bastantes probas orais, pois este tipo de alumnado ten bastante dificultade para organizar mentalmente a información que debe plasmar por escrito.
- Tomar en consideración as intervencións orais na clase á hora de cualificalo.

- Medidas de atención específicas para o alumnado con síndrome de Asperger

- Asegurarse de que os pais estean ao corrente dos deberes, exames e actividades de calquera tipo, anotándollo, se é preciso, na axenda escolar.
- Evitar explicarlle algo con frases ambiguas que podan levalo a unha interpretación errónea do que se lle quere transmitir.
- Asegurarse de que comprende perfectamente as instrucións ou tarefas encomendadas.
- Procurar buscarlle un compañeiro que o titoree. A elección debe contar sempre coa aceptación de ambas as dúas partes.
- Transmitirlle confianza e valorar moito os seus logros.
- Inducilo a que participe nos xogos de grupo, pero tendo en conta as súas dificultades e respectando aqueles momentos nos que desexe estar só.
- Ser firmes, sen implicación emocional, cando haxa que aplicar as correccións, procurando que participe activamente nas solucións.
- Reducir o número de actividades esixidas para a casa, especialmente aquelas nas que deba escribir moito.
- Evitar exames longos e complexos e, no seu lugar, poñerlle probas con predominio de preguntas cortas, claras e escritas con letra grande e ben espazadas entre si, destacando as palabras clave en negriña ou subliñadas, e apoiándoas, se é preciso, con debuxos, esquemas ou imaxes.
- Escribir, ao final das probas, frases como “REPASA o exame e asegúrate de que respondiches a todas as preguntas”.
- Deixarlle, se o precisa, máis tempo do inicialmente marcado para a realización dos exames.
- Asegurarse de que entende ben o que se lle pide en cada pregunta dunha proba, permitindo, nese sentido, que lle pregunte ao profesor o que estime oportuno.
- Revisar, de cando en vez, o que está facendo nos exames, preguntándolle que tal lle vai e aclarándolle calquera dúbida que lle xurda. Todo isto para que se sinta seguro e tranquilo.
- Non penalizar a incorrecta escritura, desorganización ou faltas de ortografía, agás, claro está, nas preguntas

específicas de corrección ortográficas.

- Avaliar as probas escritas máis en función do contido que da presentación ou mala estruturación.
- Comprender a súa problemática e destacar moi positivamente o seu esforzo

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Prevención do acoso escolar	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a convivencia	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación intercultural	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación cívica e moral	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Valor do sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Diversos exercicios e actividades indúcennos cara á experiencia de compartir, de interesarse sinceramente polas persoas da nosa contorna inmediata, de fomentar as relacións persoais, e en definitiva de convivir fomentando situacións que permitan desenvolver actitudes de comprensión e comunicación coas persoas que nos rodean. É importante destacar o esforzo por recoñecer as individualidades, por respectar a diversidade de ideas e por erixir o diálogo como recurso para contrastar opinións. A igualdade entre os sexos, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia introducirase fomentando o desenvolvemento de actividades de grupo sen distincións por razóns de sexo, e potenciando un clima, tanto nos grupos de traballo como na clase, de aceptación, respecto e valoración das solucións distintas das propias que sexan aportadas por outras persoas, independentemente do seu sexo, raza, nacionalidade, grao de discapacidade (se é o caso), condición sexual, crenza relixiosa, etc. Así mesmo, o profesor ou profesora de Matemáticas deberá de ser a primeira persoa en dar exemplo, empregando diariamente unha linguaxe non sexista, non violenta, non discriminatoria e non irrespectuosa co alumnado e coidando de que os enunciados dos exercicios e problemas non reproduzan roles de tipo sexista ou tolerantes coa violencia. Pódese expor a recollida de datos e estudos sobre o crecemento demográfico, a talla de bosques ou os desastres naturais. Diversos problemas resoltos fan referencia aos terremotos e ao crecemento da poboación mundial. Neste punto podería reflexionarse sobre as formas de relacionarse co medio sen deterioralo. Promoverase ante informacións de tipo estatístico e a interpretación de gráficas e táboas de datos como as relacionadas coa contaminación ambiental, a deforestación, a superpoboación mundial, a propagación de especies invasoras, as enfermidades, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Fase galega da Olimpíada de Matemáticas.	Resolución de problemas que non requiren uns coñecementos especiais de matemáticas, senón que buscan a capacidade de raciocinio e a orixinalidade e creatividade do pensamento..			X

Observacións:

A Olimpíada Matemática Galega é unha competición entre estudantes de Galicia que ten como obxectivo fundamental estimular o estudo das matemáticas descubríndoas fóra dos rixidos temarios curriculares e dos chamados exercicios tipo, en definitiva, desenvolver o gusto pola resolución de problemas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Práctica docente 8. Incorporar as TIC ós procesos de ensino e aprendizaxe.
Práctica docente 9. Prestar atención ós elementos transversais vinculados a cada unidade didáctica.
Práctica docente 15. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación.
Metodoloxía empregada
Proceso de ensino 1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.
Proceso de ensino 2. Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe.
Práctica docente 1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado.
Práctica docente 4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Práctica docente 11. Debater co alumnado sobre a corrección das probas e traballos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Práctica docente 6. Potenciar estratexias de animación á lectura.
Práctica docente 7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.

Medidas de atención á diversidade
Proceso de ensino 7. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado.
Proceso de ensino 8. Utilizar distintos instrumentos de avaliación.
Práctica docente 2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise.
Práctica docente 3. Elaborar actividades atendendo á diversidade.
Práctica docente 14. Adecuar os apoios e reforzos ás unidades didácticas.
Clima de traballo na aula
Proceso de ensino 3. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Proceso de ensino 4. Conseguir a participación activa de todo o alumnado.
Proceso de ensino 9. Valorar realmente a observación do traballo na aula.
Proceso de ensino 10. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado.
Práctica docente 5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo.
Práctica docente 10. Corrixir rapidamente as probas e traballos.
Práctica docente 12. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Proceso de ensino 5. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.
Proceso de ensino 6. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Práctica docente 13. Implicarse nas funcións de tutoría e orientación.

Descrición:

Os indicadores de logro valoraranse nunha escala de 1 a 4: 25% - 50% - 75% - 100% respectivamente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ó longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada profesor do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e obxectivos se adecúan por igual ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se é posible respectar en todos os seus grupos as temporalizacións fixadas para o tratamento das distintas unidades, se os mínimos esixibles son os axeitados, se o aproveitamento dos recursos é o óptimo, se as medidas de atención á diversidade funcionan.

As reunións do Departamento son o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas que vaian xurdindo.

<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. <ul style="list-style-type: none"> - Díxitos significativos. Truncamento e arredondamento. Erro acumulado. Erro absoluto e relativo. Converxencia. - A aproximación nas calculadoras e programas informáticos. - Realización de estimacións en diversos contextos analizando o erro cometido. - Relacións e funcións. <ul style="list-style-type: none"> - Polinomios de interpolación (lineais, de Newton, de Lagrange). Aplicación en táboas e gráficas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias para obter información suplementaria. Uso de programas informáticos. - Pensamento computacional. <ul style="list-style-type: none"> - Análise, formulación, resolución, representación e interpretación de relacións e problemas da vida cotiá e de distintos ámbitos utilizando algoritmos, programas e ferramentas tecnolóxicas adecuados. - Crenzas, actitudes e emocións. <ul style="list-style-type: none"> - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Toma de decisións. <ul style="list-style-type: none"> - Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas. - Inclusión, respecto e diversidade. <ul style="list-style-type: none"> - Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas. - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias e da tecnoloxía. - Comunicación e organización. <ul style="list-style-type: none"> - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias.

UD	Título da UD	Duración
9	Resolución de ecuacións e sistemas de ecuacións.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Adquirir novo coñecemento matemático mediante o razoamento e xustificación de problemas de forma autónoma.	PE	88
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifestar unha visión matemática integrada conectando as diferentes ideas matemáticas.		
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA3.1 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA3.2 - Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación de problemas.		
CA3.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias, describindo o procedemento realizado.	Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.		
CA3.4 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Resolver situación problematizadas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias utilizando o pensamento computacional.		
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias.	TI	12
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.	Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. <ul style="list-style-type: none"> - Díxitos significativos. Truncamento e arredondamento. Erro acumulado. Erro absoluto e relativo. Converxencia. - A aproximación nas calculadoras e programas informáticos. - Realización de estimacións en diversos contextos analizando o erro cometido. - Igualdade e desigualdade. <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de ecuacións con métodos numéricos (dicotomía, da secante, das tanxentes). Uso de programas informáticos. - Resolución aproximada de sistemas de ecuacións lineais (Métodos de Jacobi y Gauss-Seidel). Uso de programas informáticos. - Utilización de técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias. - Pensamento computacional. <ul style="list-style-type: none"> - Análise, formulación, resolución, representación e interpretación de relacións e problemas da vida cotiá e de distintos ámbitos utilizando algoritmos, programas e ferramentas tecnolóxicas adecuados. - Crenzas, actitudes e emocións. <ul style="list-style-type: none"> - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Toma de decisións. <ul style="list-style-type: none"> - Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas. - Inclusión, respecto e diversidade.

Contidos

- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias e da tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
 - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
 - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
 - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias.

UD	Título da UD	Duración
10	Integración numérica	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Adquirir novo coñecemento matemático mediante o razoamento e xustificación de problemas de forma autónoma.		
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifestar unha visión matemática integrada conectando as diferentes ideas matemáticas.		
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA2.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifestar unha visión matemática integrada conectando as diferentes ideas matemáticas.		
CA2.2 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (de sostibilidade, de consumo responsable, de equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto, usando o razoamento e a argumentación.	PE	88
CA3.1 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Seleccionar e utilizar diversas formas de representación.		
CA3.2 - Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.		
CA3.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias, describindo o procedemento realizado.	Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias, describindo o procedemento realizado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Resolver situacións problematizadas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias utilizando o pensamento computacional.		
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias.	TI	12
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.	Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. <ul style="list-style-type: none"> - Díxitos significativos. Truncamento e arredondamento. Erro acumulado. Erro absoluto e relativo. Converxencia. - A aproximación nas calculadoras e programas informáticos. - Realización de estimacións en diversos contextos analizando o erro cometido. - Medición. <ul style="list-style-type: none"> - Integración numérica: método dos trapecios e de Simpson. Aplicación ao cálculo de áreas planas. - Pensamento computacional.

Contidos

- Análise, formulación, resolución, representación e interpretación de relacións e problemas da vida cotiá e de distintos ámbitos utilizando algoritmos, programas e ferramentas tecnolóxicas adecuados.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Toma de decisións.
- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias e da tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Matemáticas contribuirá ao desenvolvemento e adquisición das competencias e dos obxectivos xerais de etapa, tendo en conta o que o alumno é capaz de facer, os seus coñecementos previos e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos; é dicir, que poidan ser utilizados en novas situacións. Xa que logo, é moi importante contextualizar as aprendizaxes á resolución de problemas da vida real nos que se poden utilizar números, gráficos, táboas, etc., así como realizar operacións, e expresar a información de forma precisa e clara.

A resolución de problemas ocupa un lugar preferente no currículo como eixe do ensino e aprendizaxe das matemáticas. As estratexias de resolución e as destrezas de razoamento son contidos transversais a todos os bloques de contidos. Ademais, permiten traballar e integrar coñecementos de varios bloques ou de distintas materias. Desde todos os bloques haberá que abordar a planificación do proceso, as estratexias e técnicas da resolución de problemas ou a confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas para enfrontarse a situacións novas. Os problemas deberán partir do nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas e irase graduando a súa dificultade ao longo da etapa.

A metodoloxía a seguir aséntase nos seguintes principios:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a.
- Os alumnos son protagonistas da súa propia aprendizaxe. Cada un deles construíra a súa propia aprendizaxe, ao seu ritmo, partindo das súas capacidades individuais que deben ser reforzadas coa axuda do profesor. Preténdese a implantación dunha aprendizaxe significativa no que o importante é que cada alumno poida construír significados e atribuír sentido ao que aprende.
 - Será obxectivo primordial, a formación en valores produtora de cidadáns libres, responsables, críticos e abertos á participación e cooperación.
 - Deberase de potenciar o desenvolvemento de capacidades en detrimento da mera acumulación conceptual.
 - Cada Unidade Didáctica deberá incluír actividades de iniciación, reforzo e ampliación, coas que atender a diversidade dos nosos alumnos.

- **Motivación:** ao alumno hai que atraerlle mediante contextos próximos, presentarlle situación que entenda e resultenlle significativas.
- **Foco na aplicación e utilidade** que as matemáticas teñen na vida cotiá dos alumnos, sen prescindir do rigor que require a asignatura.
- **Relevancia das competencias en matemáticas e da competencia matemática.** O valor educativo das Matemáticas concrétase en tres aspectos que deberán de ser atendidos de xeito equilibrado e que son:
 - **Formativo de capacidades intelectuais e cognitivas.**
 - **Funcional,** en canto a actividade matemática posibilita un mellor tratamento dos problemas derivados do ámbito extraescolar.
 - **Instrumental,** por canto proporciónase unha base científica unificadora doutras moitas actividades encasilladas noutras áreas do currículo educativo.
- **A nosa actuación metodolóxica** deberá guiarse polos seguintes principios, nos que se basea a teoría da aprendizaxe significativa:
 - O proceso de ensino-aprendizaxe debe estar relacionado cos intereses, as necesidades e experiencias dos alumnos na súa contorna inmediata, é dicir, axustarase á estrutura psicolóxica do alumnado.
 - A información que se lle proporcione aos alumnos deberá de ser, en todo momento, comprensible, lóxica e de utilidade, ben porque se lle faga ver a súa relación con outras materias do currículo ou a súa aplicación á vida cotiá.
 - É importante que os alumnos dean significado aos novos coñecementos e relaciónenos cos que xa posúen.
 - Débese de coidar o traballo conxunto entre profesor e alumnos de maneira que se produzan interaccións que faciliten a socialización do grupo.
- **Aprendizaxe activo e colaborativo:** a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é un xeito óptimo de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ha de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.
- **Peso importante das actividades:** a extensa práctica de exercicios e problemas afianza os coñecementos adquiridos e permite ao profesor detectar (e liquidar calquera lagoa de aprendizaxe).
- **Integración das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.**
- **Atención á diversidade de capacidades e intereses:** isto implica unha metodoloxía de ensino na que a clave é garantir o avance seguro, o logro paso a paso. Evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas e, en definitiva, frustracións por non alcanzar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo de que é capaz. O que implica atender non só a quen máis axuda necesita senón tamén aos alumnos con maior capacidade e interese por ampliar coñecementos.
- **Será preciso traballar con técnicas de aprendizaxe cooperativo** en pequenos grupos e con materiais que permitan distintos grados de profundización e actividades abertas. Os métodos teñen que ser diversos, tendendo sempre a propostas metodolóxicas que impliquen activamente ao alumnado. En ocasións, a utilización de distintos medios tecnolóxicos pode facilitar a aprendizaxe de forma autónoma e permitirá traballar a niveis diferentes segundo as capacidades dos alumnos e as alumnas, mellorando deste xeito a atención á diversidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Calculadora científica
Software matemático
Internet
Aula virtual do centro

Software: Geogebra (www.geogebra.com/es/), funciona como unha calculadora gráfica para xeometría, álgebra, cálculo, estatística, 3D, en definitiva, matemática dinámica para aprender e ensinar. Follas de cálculo: permítenos elaborar táboas e gráficas, e experimentar co resultado cambiando os datos iniciais.

Internet: Moodle para crear e desenvolver unidades didácticas na aula virtual do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada alumno e alumna e detectar, se é o caso, as causas ou motivos polos cales esa situación non é a axeitada.

Esta avaliación farase logo de valorar as seguintes cuestións:

Os datos relativos ao historial académico de cada alumno e, no seu caso, as suxestións efectuadas polo profesorado do curso anterior.

O comportamento, actitude de traballo dentro e fóra da aula, interés, esforzo, calidade de traballo de cada alumno durante as primeiras semanas do curso.

A información sobre o entorno familiar e social que poida achegar, por unha parte, o propio alumnado e, por outra, os titores do curso anterior ou a xefatura de estudos.

O profesorado terá en conta os resultados acadados polo alumnado nunha proba escrita que estará deseñada para comprobar, por unha parte, o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes e, por outra, o grao de asimilación da materia impartida ata ese momento, o modo de aprender de cada alumno (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas). Dita proba escrita será a mesma para todo o alumnado do mesmo curso.

As medidas a adoptar como consecuencia dos resultados da avaliación inicial son:

Colectivas: corrección da proba na aula para aclarar dúbidas e emendar erros, repaso do tema en gran grupo coas achegas de todos, realización de actividades de repaso en equipos, aumentar o número de sesións previstas para as unidades ligadas a un coñecemento non adquirido pola maioría do alumnado, modificación da secuenciación dos contidos do curso, modificacións na temporalización prevista das unidades didácticas, cambios na metodoloxía empregada, reordenación do alumno na aula.

Individuais: reforzo educativo impartido polo propio profesor ou profesora da materia, atención máis individualizada na aula, realización de actividades complementarias na casa para fortalecer a base matemática, entrevista cos pais para tratar de corrixir condutas non axeitadas ou para intentar crear un hábito de traballo diario, resolución de exercicios de repaso propostos polo profesor; páxinas interactivas de autoavaliación con apuntes teóricos; elaboración e presentación dun traballo sobre o tema, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	16	10	13	13	10	13	9	3	7	6
Proba escrita	88	88	88	88	88	88	88	88	88	88
Táboa de indicadores	12	12	12	12	12	12	12	12	12	12

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	88

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	12

Criterios de cualificación:

- O curso dividirase en tres avaliacións máis a avaliación final ordinaria. Haberá unha proba extraordinaria para o alumnado que non superase a materia na avaliación ordinaria.

- En cada unha das tres primeiras avaliacións realizaranse dúas probas escritas, cuxa data se fixará coa antelación suficiente, e que supoñerán o 90% da nota da avaliación. A primeira proba versará sobre os contidos dados da avaliación ata ese momento e a segunda proba sobre a materia traballada ao longo da avaliación (inclúe por tanto os contidos da proba anterior). A primeira destas probas será 1/3 da nota e a segunda 2/3 .A media ponderada entre estas dúas notas multiplicarase por 0,90.

- O 10% restante da nota conformarano as actividades realizadas na aula ou propostas para a súa valoración.

- Realizarase unha recuperación de cada unha das avaliacións. Quedando como nota final da avaliación a mellor entre a nota de dita avaliación e a recuperación.

Para a preparación da proba escrita de recuperación o alumnado terá na aula virtual exercicios de reforzo para repasar os contidos da avaliación.

- Finalizada a terceira avaliación, farase a media aritmética das tres avaliacións, o alumnado terá a materia aprobada si dita media é un 5 ou superior, quedando como nota final da avaliación ordinaria a media das notas das tres avaliacións parciais.

O alumnado que a media aritmética das tres avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final sobre os contidos de toda a materia do curso, quedando como nota final da avaliación ordinaria a mellor das notas entre a proba final e a media aritmética das tres avaliacións.

- Finalizada a avaliación ordinaria, durante o mes de xuño, para o alumnado que debe realizar a avaliación extraordinaria, realizaranse actividades de reforzo para preparar a proba escrita de dita convocatoria.

Rúbricas para a corrección das actividades realizadas na aula ou propostas para a súa valoración:

[0, 2] A actividade non foi realizada. Na actividade hai erros matemáticos graves. A actividade está resolta con

procedementos inadecuados.

(2, 4] A actividade non está finalizada. Na actividade hai erros matemáticos. Na actividade emprégase un procedemento adecuado.

(4, 6] A actividade non está finalizada e non presenta erros. Emprégase un procedemento adecuado.

(6, 8] A actividade está finalizada, pero presenta erros. Emprégase un procedemento adecuado.

(8, 10] A actividade está finalizada, sen erros e empregando o procedemento máis adecuado.

Criterios de recuperación:

Realizarase unha recuperación de cada unha das avaliacións.

Para a preparación da proba escrita de recuperación entregarase ao alumnado exercicios de reforzo para repasar os contidos da avaliación, que serán supervisados polo profesorado.

6. Medidas de atención á diversidade

O profesorado que imparta a materia de Matemáticas encargárase de:

- Detectar nos primeiros días do curso o alumnado que, ben por carencia de coñecementos previos ou ben por dificultades de comprensión, semelle que vai ter problemas para seguir unha aprendizaxe normal na materia de Matemáticas.

- Detectar, no proceso de avaliación continua, o alumnado que nun determinado momento do curso comeza a precisar dunha medida de atención á diversidade, informando entón do feito ao titor ou titora, ao departamento de Orientación e as familias, e propoñendo, as medidas que estime oportunas.

- Departamento de Orientación informa na avaliación inicial do alumnado coas seguintes características: Dentro das NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) podemos atoparnos con estudantes con NEE (Necesidades Educativas Específicas) tales como: Asperger, discapacidades, trastornos xerais de desenvolvemento; así como, estudantes con TDH e TDAH, con dificultades de aprendizaxe, con altas capacidades, condicións persoais específicas (inmigración, minorías étnicas, incorporación tardía). Iremos seguir as pautas establecidas polo Departamento de Orientación para o alumnado con trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH), das cales se falará no apartado seguinte.

Algunhas modificacións a realizar para atender coa programación á diversidade do alumnado, son:

- Adaptacións nos obxectivos e contidos:
- Adaptar os obxectivos e contidos a diversidade do alumnado.
- Alumnado con necesidades educativas especiais contarán con obxectivos e contidos específicos atendendo o tipo de necesidade.
- Favorecer uns obxetivos sobre outros para dar resposta as necesidades educativas
- Prescindir de aqueles contidos que non atenden á diversidade do alumnado.
- Adaptacións na metodoloxía:
 - Utilizar reforzos na metodoloxía xunto con estratexias para chamar a atención do grupo.
 - Adecuar a nosa linguaxe ao nivel de comprensión do alumnado.
 - Utilizar técnicas e estratexias que sexan útiles para o alumnado.
 - Priorizar técnicas e estratexias que favorezan a experiencia, reflexión e expresión.
 - Facer que o alumnado teña unha participación activa fomentando o traballo en grupos cooperativos.
 - Traballar os contidos máis adecuados aos alumnos/as.
 - Fomentar a motivación no alumnado e ampliar os seus intereses cara ao tema para tratar na aula.
- Adaptacións nas actividades de aula:
 - Programar diferentes actividades para traballar un mesmo contido.
 - As actividades propostas terán diferentes graos de realización.
 - Realizar actividades para realizar en gran grupo, pequeno grupo, por parellas e de forma individual.
 - Propoñer actividades con diferentes posibilidades de realización.
 - Realizar actividades próximas á vida diaria, o que coñecen, ven e senten.
 - Adecuar as actividades ás motivacións e intereses do alumnado no desenvolvemento de cada unidade didáctica.
- Adaptacións no proceso de avaliación:
 - Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para realizar a avaliación.
 - Diseñar diferentes actividades para avaliar o progreso do alumnado.
 - Avaliar diferentes situacións de aprendizaxe
 - Realizar unha avaliación inicial ao principio de cada unidade didáctica e poder detectar as ideas previas que posúen os alumnos/as, cales son os seus intereses e motivacións para o novo tema
 - Propoñer aos alumnos/as a súa propia autoavaliación.

· Medidas de atención específicas para o alumnado con Trastorno de Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH)

O profesorado encargado de impartir a materia naqueles grupos onde hai alumnos con TDAH tomarán con cada un deles as seguintes medidas:

- Colocalo cerca do profesor, cun compañeiro que o titorece, rodeado de alumnos tranquilos e lonxe de estímulos distractorios.
- Asegurarse de que apunta na axenda as tarefas ou traballos a facer e as datas en que debe entregalos, pedíndollos expresamente o día anterior ao marcada para a súa entrega.
- Comunicarlle ao titor ou titora, canto antes, calquera incidencia que deba ser posta en coñecemento da familia.
- Realizar un seguimento moi continuo da súa actitude e do seu proceso de aprendizaxe.
- Ignorar no posible as conductas non axeitadas e resaltar as positivas.
- Ser firmes, sen implicación emocional, cando haxa que aplicar as correccións, procurando que participe activamente nas solucións
- Evitar exames longos e complexos e, no seu lugar, poñerlle probas con predominio de preguntas cortas, claras e escritas con letra grande e ben espazadas entre si, destacando as palabras clave en negriña ou subliñadas, e apoiándoas, se é preciso, con debuxos, esquemas ou imaxes.
- Escribir, ao final das probas, frases como “REPASA o exame e asegúrate de que respondiches a todas as preguntas”.
- Deixarlle, se o precisa, máis tempo do inicialmente marcado para a realización dos exames.
- Asegurarse de que entende ben o que se lle pide en cada pregunta dunha proba, permitindo, nese sentido, que lle pregunte ao profesor o que estime oportuno
- Revisar, de cando en vez, o que está facendo nos exames, preguntándolle que tal lle vai e aclarándolle calquera dúbida que lle xurda. Todo isto para que se sinta seguro e tranquilo.
- Impedir que entregue os exames de maneira precipitada e non recollerllo ata que o entreguen a maioría dos seus compañeiros e compañeiras.
- Facerlle bastantes probas orais, pois este tipo de alumnado ten bastante dificultade para organizar mentalmente a información que debe plasmar por escrito.
- Tomar en consideración as intervencións orais na clase á hora de cualificalo.

· Medidas de atención específicas para o alumnado con síndrome de Asperger

- Asegurarse de que os pais estean ao corrente dos deberes, exames e actividades de calquera tipo, anotándollos, se é preciso, na axenda escolar.
- Evitar explicarlle algo con frases ambiguas que podan levalo a unha interpretación errónea do que se lle quere transmitir.
- Asegurarse de que comprende perfectamente as instrucións ou tarefas encomendadas.
- Procurar buscarlle un compañeiro que o titorece. A elección debe contar sempre coa aceptación de ambas as dúas partes.
- Transmitirlle confianza e valorar moito os seus logros.
- Inducilo a que participe nos xogos de grupo, pero tendo en conta as súas dificultades e respectando aqueles momentos nos que desexe estar só.
- Ser firmes, sen implicación emocional, cando haxa que aplicar as correccións, procurando que participe activamente nas solucións.
- Reducir o número de actividades esixidas para a casa, especialmente aquelas nas que deba escribir moito.
- Evitar exames longos e complexos e, no seu lugar, poñerlle probas con predominio de preguntas cortas, claras e escritas con letra grande e ben espazadas entre si, destacando as palabras clave en negriña ou subliñadas, e apoiándoas, se é preciso, con debuxos, esquemas ou imaxes.
- Escribir, ao final das probas, frases como “REPASA o exame e asegúrate de que respondiches a todas as preguntas”.
- Deixarlle, se o precisa, máis tempo do inicialmente marcado para a realización dos exames.
- Asegurarse de que entende ben o que se lle pide en cada pregunta dunha proba, permitindo, nese sentido, que lle pregunte ao profesor o que estime oportuno.
- Revisar, de cando en vez, o que está facendo nos exames, preguntándolle que tal lle vai e aclarándolle calquera dúbida que lle xurda. Todo isto para que se sinta seguro e tranquilo.
- Non penalizar a incorrecta escritura, desorganización ou faltas de ortografía, agás, claro está, nas preguntas específicas de corrección ortográficas.
- Avaliar as probas escritas máis en función do contido que da presentación ou mala estruturación.
- Comprender a súa problemática e destacar moi positivamente o seu esforzo

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención do acoso escolar	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a convivencia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumido	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación intercultural	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación cívica e moral	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Valor do sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Prevención do acoso escolar	X	X
ET.2 - Educación para a convivencia	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X	X
ET.4 - Educación ambiental	X	X
ET.5 - Educación para o consumido	X	X
ET.6 - Educación intercultural	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X
ET.8 - Educación cívica e moral	X	X
ET.9 - Valor do sentido crítico	X	X

Observacións:

Diversos exercicios e actividades indúcennos cara á experiencia de compartir, de interesarse sinceramente polas persoas da nosa contorna inmediata, de fomentar as relacións persoais, e en definitiva de convivir fomentando situacións que permitan desenvolver actitudes de comprensión e comunicación coas persoas que nos rodean. É importante destacar o esforzo por recoñecer as individualidades, por respectar a diversidade de ideas e por erixir o diálogo como recurso para contrastar opinións. A igualdade entre os sexos, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia introducírase fomentando o desenvolvemento de actividades de grupo sen distincións por razóns de sexo, e potenciando un clima, tanto nos grupos de traballo como na clase, de aceptación, respecto e valoración das solucións distintas das propias que sexan aportadas por outras persoas, independentemente do seu sexo, raza, nacionalidade, grao de discapacidade (se é o caso), condición sexual, crenza relixiosa, etc. Así mesmo, o profesor ou profesora de Matemáticas deberá de ser a primeira persoa en dar exemplo, empregando diariamente unha linguaxe non sexista, non violenta, non discriminatoria e non irrespectuosa co alumnado e coidando de que os enunciados dos exercicios e problemas non reproduzan roles de tipo sexista ou tolerantes coa violencia. Pódese expor a recollida de datos e estudos sobre o crecemento demográfico, a talla de bosques ou os desastres naturais. Diversos problemas resoltos fan referencia aos terremotos e ao crecemento da poboación mundial. Neste punto podería reflexionarse sobre as formas de relacionarse co medio sen deterioralo. Promoverase ante informacións de tipo estatístico e a interpretación de gráficas e táboas de datos como as relacionadas coa contaminación ambiental, a deforestación, a superpoboación mundial, a propagación de especies invasoras, as enfermidades, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Fase galega da Olimpíada de Matemáticas	Resolución de problemas que non requiren uns coñecementos especiais de matemáticas, senón que buscan a capacidade de raciocinio e a orixinalidade e creatividade do pensamento.			X

Observacións:

A Olimpíada Matemática Galega é unha competición entre estudantes de Galicia que ten como obxectivo fundamental estimular o estudo das matemáticas descubrindoas fóra dos ríxidos temarios curriculares e dos chamados exercicios tipo, en definitiva, desenvolver o gusto pola resolución de problemas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Práctica docente 8. Incorporar as TIC ós procesos de ensino e aprendizaxe.
Práctica docente 9. Prestar atención ós elementos transversais vinculados a cada unidade didáctica.
Práctica docente 15. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación.

Metodoloxía empregada
Proceso de ensino 1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.
Proceso de ensino 2. Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe.
Práctica docente 1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado.
Práctica docente 4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Práctica docente 11. Debater co alumnado sobre a corrección das probas e traballos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Práctica docente 6. Potenciar estratexias de animación á lectura.
Práctica docente 7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.
Medidas de atención á diversidade
Proceso de ensino 7. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado.
Proceso de ensino 8. Utilizar distintos instrumentos de avaliación.
Práctica docente 2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise.
Práctica docente 3. Elaborar actividades atendendo á diversidade.
Práctica docente 14. Adecuar os apoios e reforzos ás unidades didácticas.
Clima de traballo na aula
Proceso de ensino 3. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Proceso de ensino 4. Conseguir a participación activa de todo o alumnado.
Proceso de ensino 9. Valorar realmente a observación do traballo na aula.
Proceso de ensino 10. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado.
Práctica docente 5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo.
Práctica docente 10. Corrixir rapidamente as probas e traballos.
Práctica docente 12. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Proceso de ensino 5. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.
Proceso de ensino 6. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Práctica docente 13. Implicarse nas funcións de titoría e orientación.

Descrición:

Os indicadores de logro valoraranse nunha escala de 1 a 4: 25% - 50% - 75% - 100% respectivamente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ó longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada profesor do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e obxectivos se adecúan por igual ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se é posible respectar en todos os seus grupos as temporalizacións fixadas para o tratamento das distintas unidades, se os mínimos esixibles son os axeitados, se o aproveitamento dos recursos é o óptimo, se as medidas de atención á diversidade funcionan.

As reunións do Departamento son o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas que vaian xurdindo.

Ademáis, debe ser no momento en que o Departamento elabore a memoria final cando se avalíe a fondo o grao de desenvolvemento de cada un dos elementos máis importantes da programación, analizando, nos casos en que ese desenvolvemento sexa deficiente, as súas causas, a maneira de corrixilas e a conveniencia de introducir modificacións ó seu respecto na programación do seguinte curso. Para facilitar a citada avaliación, o departamento de Matemática establece os seguintes indicadores do grao de desenvolvemento dos elementos máis importantes da programación cunha escala de 1 a 4, na cal 1 indica desenvolvemento mínimo ou inexistente; 2, desenvolvemento deficiente; 3, desenvolvemento aceptable; e 4, desenvolvemento esperado e desexado.

Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela:

1. Respectar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas.
2. Respectar a secuenciación prevista dos contidos para cada unha das unidades.
3. Respectar o grao mínimo de consecución fixado para cada unidade didáctica.
4. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.
5. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.
6. Respectar o plan de avaliación inicial fixado.
7. Respectar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.
8. Respectar os criterios establecidos para as recuperacións.
9. Respectar os criterios establecidos para a avaliación final.
10. Respectar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
11. Respectar os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
12. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias.
13. Informar ó titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.
14. Adecuar os exames ós contidos establecidos.
15. Realizar as actividades complementarias previstas.
16. Informar ás familias sobre criterios e instrumentos de avaliación.
17. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.
18. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación

9. Outros apartados